

Reabren a Ronda da Muralla e a Praza de Abastos tras obras de humanización

A Ronda da Muralla volverá abrir ao tráfico tras obras de humanización, que consistiron principalmente en construír beirarrúas no tramo entre as rúas Santiago e Vilalba e en reducir a un o carril de circulación de vehículos. Os traballos previos na contorna xa finalizaron. As que tamén remataron foron as obras de mellora da Praza de Abastos de Lugo. Os comerciantes regresaron aos seus postos tras obras en materia de accesibilidade realizadas. Nesta orde de cousas abriu neste centro a cooperativa A Carqueixa, que ten como obxectivo a posta en valor dos produtos rurais. **Pax. 18-19**

Analizamos a limpeza de Lugo

Son moitas as críticas de veciños sobre o servizo de recollida de lixo e limpeza das rúas, unha situación na que ten moito que dicir a falta de civismo



Hai anos Lugo recibiu un premio de gran relevancia nacional polo coidado das súas rúas e pola limpeza. Aínda que o premio segue aí, a satisfacción polo estado das rúas non é o mesma. Cada vez son máis as queixas dende todos os puntos polo estado no que se atopan os contedores e pola falta de limpeza en xeral. Si é certo que parte da responsabilidade é dos veciños, pouco respectuosos coas horas e lugares para botar o lixo, pero tamén a outra parte vén polo estado no que están os contedores, a situación ou mesmo a escaseza de capacidade para o volume de lixo xerado en varias zonas. **Pax. 2-3**

cultura. O Museo provincial conta cunha exposición e pezas novas. **Pax. 8**

sociedade. Lugo dedica un banco ao artista multidisciplinar Paco Pestana. **Pax. 12**

infraestruturas. Presentan o plan de futuro do barrio da Ponte. **Pax. 19**

economía. Propoñen unha diminución do IBI para familias e negocios. **Pax. 20**

zona rural. O centro de fauna do Veral contará cun novo edificio. **Pax. 21**

deportes. A pista de motocross de Teixeira será un referente. **Pax. 30**

entrevista. A Rocky, o responsable do Boxing Club de Lugo. **Pax. 31**

Comeza o XXXI Festival de Jazz



Con actuacións na Casa do Saber, no Círculo e o Clavi. **Pax. 4**

Regresa a Lugo o concurso de tapas



Participarán 38 establecementos hostaleiros. **Pax. 5**

Organizan unha mostra microlóxica



Cinco xornadas teóricas a cargo da sociedade Lucus. **Pax. 6**

A Deputación esixe á xunta realizar as obras pendentes

A Deputación de Lugo esíxelle á Xunta de Galicia a dotación de fondos económicos e un plan de execución para os proxectos pendentes. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de outubro tras unha

proposta presentada polo Goberno provincial. A institución provincial reclámalle ao Executivo autonómico que se acaden niveis de compromiso coa provincia e se fixen dotacións orzamentarias. **Pax. 22**

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES
EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE
MÁS DE 30 AÑOS

VA VEIGUELA ABOGADOS

**ESPECIALISTAS EN DERECHO CIVIL,
HERENCIAS, SUCESIONES,
DONACIONES, PACTOS DE MEJORA**

PLANIFICA TU HERENCIA EN VIDA

AHORRA BENEFICIÁNDOTE DE IMPORTANTES VENTAJAS FISCALES

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: **982 228 606**

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo.
 982 228 606
 veiguelabogados
 veiguela abogados

A FONDO

A limpeza busca un lavado de cara

Lugo, unha cidade que foi recoñecida coa Escoba de Plata, acumula queixas polo servizo de recollida e o aspecto das súas rúas

A limpeza dunha cidade xunto coa recollida de lixo é un aspecto de gran importancia para que a calidade de vida de veciños, veciñas e do medio ambiente sexa a mellor posible. Así mesmo, é tamén un aliciente para o crecemento do turismo e unha posterior mellora económica.

A cidade de Lugo conta cun servizo de limpeza, recollida e transporte de residuos sólidos que se leva a cabo a través da empresa adxudicataria Urbaser. Esta, xunto co concello, traballan para levar a cabo actuacións nas que se respecte e mellore o contorno da cidade onde vivimos. Desta maneira, segundo o Concello de Lugo, a recollida selectiva de papel, vidro e envases realízase de forma regular. Ademais, a cidade conta con máis de 3.200 papeleiras e máis de 3.000 contedores de residuos orgánicos, papel e cartón e vidro para garantir a reciclaxe.

Así mesmo, na actualidade cóntase cunha frota de máis de 40 vehículos -entre os que se atopan camións de recollida e maquinaria de limpeza- dotados cunha maquinaria moderna para cumprir o servizo. No caso dos operarios, cóntase con máis de 130 operarios para a recollida e limpeza diaria. Este traballo viario organízase por sectores que limpan de forma diaria ou en frecuencia alterna para ofrecer o mellor servizo posible. Desta maneira, dende o concello sinalan que cada operario limpa unha media de 3.000 metros de rúa e beirarrúa en cada quenda.

Por outra beira, Lugo conta con un

servizo de recollida de mobles e outros elementos que foi ampliado e reforzado pola concellería de Medio Ambiente. De esta maneira, o servizo comezou a funcionar en xuño de este ano 2021 co fin de reducir mobles e outros elementos que se depositan na vía pública. De feito, é algo que se demandou dende os veciños e veciñas a causa do incremento que se produciu desta práctica.

Por iso, a actuación amplía persoal, maquinaria e horario de recollida, entre os que se atopa un condutor e un peón que levan un camiión brigada con plataforma elevadora de luns a sábado de 7 a 13.30, así coma outro condutor e peón que levan un camiión brigada de caixa aberta con pluma, que aumenta o servizo diario de recollida de luns a venres.

Este servizo é totalmente gratuíto e para empregalo, é preciso chamar ao número de teléfono 982 254 483 en horario de oficina. Unha vez feita a petición, os traballadores indicarán o día e a hora na que pasarán para recoller os residuos precisos.

Ademais de este servizo, todas aquelas persoas que o prefiran, poderán levar os residuos de maneira particular e gratuíta ao punto limpo do concello, situado no polígono industrial do Ceao. O horario é de luns a sábados de 10.30 a 13 horas e de 16 a 20 horas.

Dende o Concello de Lugo informan que os residuos que se poden depositar englobanse en dous grupos. Por un lado, os residuos domésticos pe-



A falta de conciencia cidadá tamén afecta ao estado dos contedores

rigosos, coma as pilas, baterías, aerosois, fluorescentes, botes de pintura e aceites minerais, entre outros. Por outra beira, atópanse os residuos domésticos especiais, nos que se atopan a madeira, os restos das podas, os electrodomésticos, mobles, roupa, plásticos, etcétera. Así mesmo, hai que lembrar tamén que os residuos domésticos ou industriais, coma a materia orgánica, os residuos radioactivos ou os pneumáticos non se poden tirar en ningún caso.

Os residuos que se levan ao punto limpo teñen limitación xa que, segundo o Concello, búscase que

non se empregue coma centro de xestión de residuos industriais. Por esta razón, regúlase o número e o peso de moitos dos residuos. Por poñer algún exemplo, tan só se poden tirar 5 litros de aceite de motor ou de aceites vexetais. No caso de electrodomésticos ou tóners o máximo será de dúas unidades.

LIMPEZA DE LUGO EN FESTEXOS

Hai que ter en conta, que non sempre se emprega o mesmo dispositivo de limpeza na cidade, xa que en moitas ocasións e, sobre todo, en datas sinaladas, é preciso aumen-

talo para que a imaxe da cidade non se vexa prexudicada.

De feito, na última festa de San Froilán, celebrada o mes pasado, a área de medio ambiente do Concello de Lugo preparou un dispositivo especial para o aseo viario e a recollida de lixo. Por esta razón, intensificáronse os traballos de limpeza de sumidoiros e arquetas na zona do parque, do centro e dos seus arredores, onde tamén se realizou limpeza de pintadas coa finalidade de “amosar a nosa mellor imaxe”. Desta maneira, dende o Concello sinalaron o feito de pór reforzos tanto humanos coma materiais nos operativos de mañá e tarde no recinto feiral, así como o aumento na contorna do número de colectores unido ao paso dun recolector que funcionou a partir das 6 horas para retirar o lixo de bares e restaurantes.

Ademais, decidiuse incidir nas zonas nas que se agardaba unha maior afluencia de público a causa da programación para que os traballos quedaran rematados ás once da mañá e o lixo non supuxera un problema para a veciñanza e para posteriores actuacións. Así pois, a xornada laboral do persoal comezaba ás 4 horas e o recinto feiral, xunto co casco histórico e outras zonas con máis afluencia, contaran con dez peóns máis pola mañá que se distribuían en relación ás necesidades do servizo.

Polo seu lado, Cidadáns sinalou que neste pasado período de festas, o Concello de Lugo recibiu numerosas queixas veciñais a causa da falta de limpeza realizada. De

GEOCLIMA ST
CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION

SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO

REFRIGERACIÓN

CALEFACCIÓN

SOLAR TÉRMICA

BIOMASA

Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo

982 814 147 / 636 462 063

www.geoclimast.com

¡Hay una manera más sencilla de NO OLVIDAR NADA!!!

¡Nuestras AGENDAS!

Tenemos una gran variedad y cantidad de modelos. ¡Seguro que encuentras la ideal para ti!

Librería Troll

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500

info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Síguenos en

feito, sinalan que é unha problemática que sucede ao longo do ano e que quedou reflexada de forma máis acusada neses días de festexos. Desta maneira, consideran que hai que dimensionar o servizo de forma correcta o antes posible para cumprir coas necesidades de veciños e veciñas.

BOTELLÓNS. Os botellóns son outro dos puntos críticos que se están vendo dende que comezou a volta á normalidade despois do confinamento. O Partido Popular, neste sentido, lamenta que houbo días nos que non se preveu un dispositivo especial de limpeza para poder recoller o lixo xerado por botellóns, algo que degrada a cidade e fai unha mala publicidade da mesma. Comportamentos incívicos da cidadanía que, “unido á falta de implicación e previsión por parte do concello” provoca que non existan solucións claras para atallar este problema.

A isto, o Concello de Lugo defende que se activan dispositivos de limpeza de botellón nos lugares da cidade onde se soen producir, sen embargo, este servizo especial non se pode levar á totalidade do municipio. Ademais, engadiuse que é unha loita que xera problemas de convivencia coa veciñanza ao que lle hai que unir a gran cantidade de residuos e lixo que se xera.

QUEIXAS DOUTROS PARTIDOS. Dende o Partido Popular, polo seu lado, denuncian o mal estado dos colectores en diferentes rúas e barrios da cidade. Ademais, sinalan “dado que o contrato do lixo aínda vai para largo, dende o PP reclamamos que se faga unha compra de colectores novos así coma de pezas para reparar aquelas unidades que teñan amaño”.

Así pois, consideran que é preciso que se saque a licitación a compra de 200 colectores, xunto con outros recambios para reparar outro tipo de pezas que se atopan ava-



Distintas esceas diarias que se producen en outros tantos puntos da cidade e que ofrecen un aspecto de descoido



riadas. Ademais, consideran que “cada vez que entra unha petición veciñal para que lles reparen ou cambien o colector da súa rúa, respóndeselles dando largas e dicíndolles que teñan paciencia e que esperen a que se concreto o novo contrato do lixo”.

Por esta razón, sinalan que é unha adquisición urxente para mellorar o servizo xa que é un problema que pode ter consecuencias para a “salubridade pública”. Dende o Partido Popular engaden que o contrato de lixo e limpeza de Lugo leva caducado dende o 2017, cuestión que tamén denunciou Cidadáns e que

consideran primordial. Así mesmo, dende a formación laranxa engadiron que a consecuencia da “inacción”, fai que veciños e veciñas teñan que sufrir os inconvenientes dunha “cidade sucia xunto cun servizo de recollidas desfasado ao que se une unha alarmante incapacidade para completar o proceso de reciclaxe dos seus residuos”.

Por outra beira, defenden que existe unha falta importante de puntos de recollida e denuncian que ao longo do 2020 se repuxeran 27 colectores dos máis de 3.500 que existen no municipio, algo que consideran insuficiente.

ESCOBA DE PLATA 2008. O premio Escoba de Plata é un recoñecemento que se organiza dende o ano 1987 e que serve para dar a coñecer boas prácticas de limpeza das diferentes cidades, así coma unha xestión de residuos destacable e a elaboración de proxectos e desenvolvemento de tecnoloxías que consigan unha xestión sostible no medio ambiente.

Así pois, Lugo recibiu este recoñecemento en 2008 a causa da traxectoria que tiña na cidade o servizo de recollida de lixo e o mantemento da limpeza das rúas. Así

mesmo, tamén se destacaba a concienciación e o bo facer da cidadanía que, unida aos recursos e aos traballadores suficientes, lograron que Lugo destacara pola súa limpeza e boa imaxe, unha cuestión que non se volveu repetir.

Este premio tan só se recolleu na cidade unha vez e foi grazas, entre outras cuestións, ao soterramento de colectores, ao plan de renovación de papeleiras, ao cambio de sistema de recollida de lixo e á creación do Punto Limpo no ano 2006, un servizo que na actualidade xera moitas queixas sobre o seu funcionamento.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito



clínica

TEST

dental

“Estamos limitados en ocasións pola condición xeográfica”

Lugo acolle ata o 21 de novembro o tradicional XXXI Festival de Jazz, que organiza José Luis Díaz Núñez cunha vintena de actuacións

Volve o Festival de Jazz de Lugo un ano máis, en tres escenarios da cidade amurallada e celebrarase do 5 ao 21 de novembro. Actuarán un gran número de artistas de recoñecido prestixio internacional ou mesmo nacional.

As entradas para os concertos non-Círculo das Artes – Escenario 1906 están a venda na caseta do Festival situada na praza Maior, fronte ao Círculo. Para os concertos na Casa do Saber a entrada é gratuítala ata esgotar localidades. As entradas para o Clavicémbalo poden mercarse na mesma sala.

José Luís Díaz Núñez é un dos socios da Asociación de Amigos do Jazz Escobijazz, organizadora do Festival de Jazz de Lugo, así coma o secretario da Sociedade Filarmónica de Lugo.

Como naceu a idea de realizar un festival de jazz?

O festival realízase dende fai 31 anos e, daquelas, estábamos varias persoas involucradas no Club Clavicémbalo. Alí facíamos algúns concertos en directo e, entre varios, ocorréuse-nos montar unha asociación cultural chamada Amigos do Jazz Escobijazz para intentar levar a cabo ideas que nos xurdían e, a primeira iniciativa que intentamos foi facer un festival.

Como foi a evolución deste festival de jazz?

A evolución foi boa. O primeiro ano case recorremos aos amigos, a xente que coñecíamos a nivel nacional por concertos que fixeramos no Clavi ou por algunha outra razón. Nos últimos 10–15 anos ou máis, xa comezamos a traer as primeiras figuras mundiais do jazz. A verdade é que en canto a evolución, non hai queixa.

Como adoita ser a acollida?

Moi boa. Ao principio, hai 30 anos cando se comezou co festival, non tivo moita afluencia de público. Nuns concertos había máis público e noutros menos, sen embargo, pouco a pouco foi crecendo e xa nos últimos 15 ou 20 anos, as entradas

remataban esgotadas e a cantidade de espectadores era moi grande.

E como se prevé este ano?

Ben, xa están as entradas á venda por internet e escapan das mans. Hai bastante boa acollida como era de esperar. Este ano, temos o aforo máis reducido do que o tiñamos antigamente xa que está para unhas 150 persoas aproximadamente. Poderíamos ter máis pero a idea é que a xente estea cómoda, que non existan aglomeracións e que se manteñan as distancias.

O ano pasado, a pesar da situación sanitaria, tamén se realizou o festival, como se levou a cabo?

Digamos que fomos os únicos ou dos poucos que fixemos un festival en Galicia, porque a primeiros de novembro estaba todo pechado. Foi un festival máis pequeno xa que o fixemos cun aforo de 30 persoas de público. Desta maneira, ao ter tan pouca xente era sinxelo levar a cabo as medidas sanitarias. O que era complicado era manter o festival con tan poucas persoas, sen embargo, seguimos cara adiante porque o 90% do presuposto son subvencións e non facelo era deixar aos músicos algo colgados. De feito, ao final tamén se retransmitiron por streaming todos os concertos e foi algo que funcionou bastante ben.

Entón contades con axudas de administracións públicas e privadas?

Si, temos subvención de entidades públicas como da Xunta, da Deputación, do Concello de Lugo e do Ministerio de Cultura. Non nos dan unha contía excesiva pero si que nos dan un pouco que nos serve de axuda. Por outro lado, tamén de empresas privadas de Lugo, que non é que nos dean cartos, senón que pagan parte dun concerto, gastos extraordinarios, transporte, facilitánnos hoteis... Ao final, todo isto axuda.

Que grupos novos vos gustaría que viñeran ao festival?

Moitos. O que pasa é que nese sen-



tido estamos limitados en moitas ocasións pola condición xeográfica de Lugo, aínda que tamén polo orzamento. En relación ao primeiro caso, en canto á situación de Lugo, o que ocorre é que estes artistas, habitualmente, teñen unhas xiras moi curtas en Europa e, para nós, estar lonxe dun aeroporto principal, complica a situación. Téñensenos dado casos de falar con algún artista para que viñera tocar e non poder porque tocaba o día anterior en Oslo ou así. Ao ter tan só un día libre moverse a Lugo é complicado. Ás veces, son máis difíciles as labores de loxística, de como traer os músicos para que poidan continuar ca xira, que outras cuestións.

Que significa o festival?

Por un lado, é un desfrute. De feito, comezou sendo así, para gozar de concertos e participar neste evento. Sen embargo, tamén se converteu nunha responsabilidade bastante importante. Sénteste un pouco responsable de que funcione, de que exista, de que se manteña e de que siga e, ao final, tamén o facemos sobre todo pola xente que nos apoia, tanto traballando coma colaborando. Tamén polo público, xa que hai cantidade de xente que está esperando todo o ano polo festival, preguntando datas, artistas que participan, etc. Sentimos que hai moita xente interesada e é difícil non seguir participando en isto. Algún día haberá que dar o relevo a alguén, se o atopamos, porque ao final son moitos anos realizándoo.

Actualmente, tamén se atopa na Sociedade Filarmónica, que labores desempeña nela?

Tanto nun lado coma noutro, o traballo que eu fago é programar concer-

tos. No festival de Jazz tanto Alberto Grandío coma min, programamos a medias os concertos e, no caso da Sociedade Filarmónica, encárgome eu un pouco da programación, aínda que o facemos dentro dunha directiva na que todo o mundo que está opina e colabora.

Que é e cales son os obxectivos da Sociedade Filarmónica?

A sociedade filarmónica é unha asociación cultural, que leva funcionando 75 anos, que o que fai en todo o ano é organizar concertos. Moita xente confunde o termo e cre que é unha orquestra ou un coro, sen embargo, o único que define a palabra filarmónica é ser amigos da música. Si que é certo que existe tamén unha banda filarmónica en Lugo, que ten certo parentesco con nós xa que xurdiu dentro da nosa actividade, sen embargo, non é a sociedade filarmónica.

Nesta sociedade temos máis de 200 socios que pagan todos os meses, co obxectivo de que se fagan concertos de música clásica en Lugo. De feito, este foi un movemento de finais do século XIX e principios do XX que xurdiu en toda Europa e, por exemplo, na Coruña leva máis de 100 anos.

Como ve o futuro da sociedade filarmónica en Lugo?

Con altibaixos pero ben, xa que nos últimos anos mantivemos bastante ben o número de socios. De feito, algo que se pode destacar é que durante a pandemia supuxemos que moitas persoas se darían de baixa como socias ao non haber concertos e que volverían a inscribirse cando houbera de novo máis actividade, sen embargo, non se deu de baixa ninguén por esta razón. A xente apoia e está concienciada.

PROGRAMACIÓN

Venres 5 de novembro

- HUNTERTONES featuring SHAYNA STEELE ás 20:30 no Círculo das Artes
- ALBA CARETA GROUP, AIEnRUTa-Jazz ás 23:00 no Club Clavicémbalo

Sábado 6 de novembro

- FEDERICO LECHNER TANGO JAZZ TRÍO + SHEILA BLANCO ás 20:30 no Círculo das Artes
- DAVID PASTOR QUARTET, The Film Sessions Project ás 23:03 no Club Clavicémbalo

Domingo 7 de novembro

- NARCI RODRÍGUEZ DÁ TRÍO ás 13:00 no Club Clavicémbalo

Xoves 11 de novembro

- XACOBE MARTÍNEZ ANTELO QUINTET, XMA5 ás 20:30 no Círculo das Artes
- ALÓ DJANGO ás 22:30 no Club Clavicémbalo

Venres 12 de novembro

- BLACK ART JAZZ COLLECTIVE ás 20:30 no Círculo das Artes

Sábado 13 de novembro

- ABE RÁBADE TRÍO ás 20:30 no Círculo das Artes

Domingo 14 de novembro

- GHOST NOTE ás 21:00

Martes 16 de novembro

- IGNASI TERRAZA & HORACIO FUMERO, AIEnRUTa-Jazz ás 20:00 na Casa do Saber

Miércoles 17 de novembro

- KENNY GARRETT QUINTET ás 20:30 no Círculo das Artes
- Os FUMEROS, Lucía & Horacio Fumero ás 22:30 no Clavicémbalo

Xoves 18 de novembro

- JULIAN LAGE TRIO ás 20:30 no Círculo das Artes

Venres 19 de novembro

- DAVE WECKL & TOM KENNEY PROJECT featuring Bob Franceschini & Stu Minde-mann ás 20:30 no Círculo das Artes

Sábado 20 de novembro

- PERICO SAMBEAT ENSEMBLE PLAYS ZAPPA ás 20:30 no Círculo das Artes Domingo 21 de novembro
- RAY GELATO & THE GIANTS ás 20:30 no Círculo das Artes

Avda. Coruña, 83 - Esq. Tino Grandío, 1
Entlo. A - 27003 Lugo
Tño.: 982 216 989 - 644 558 659
correduria@ampelos.es

AMPELOS
CORREDURÍA DE SEGUROS

MÁS DE 25 AÑOS ASESORÁNDOTE

Seguros Vivienda - Seguros de Automóvil
Seguros de Vida y Accidentes - Decesos - Salud
Seguros de Asistencia Sanitaria - RC - Comunidades - Pymes
Comercios - Seguros de Caza y Pesca - Seguros Agrarios
Seguros Retirada de Carnet de Conducir

38 establecementos participarán este ano no Concurso de Tapas

Presentou o XVI Concurso de Tapas de Lugo, que se celebrará do 5 ao 21 de novembro, organizado pola Apehl co patrocinio do Concello de Lugo. O certame, que retoma este ano a súa celebración tralo parón de 2020 pola pandemia, contará coa participación de 38 establecementos de hostalería do municipio. Trátase dun certame xa consolidado, co que buscan poñer en valor un dos principais reclamos turísticos da cidade como é a gastronomía. O selo "...E para comer Lugo" xa é coñecido en todo o país, convertendo a cidade nun municipio referente pola calidade dunha cociña que combina tradición e modernidade, apostando polos produtos de proximidade, dun altísimo nivel. O certame será unha magnífica oportunidade para reactivar a economía dos establecementos hostaleiros de Lugo e do conxunto da economía lucense, posto que en edicións anteriores xerou un volume de negocio do entorno de 200.000 euros.

A Deputación de Lugo tamén apoia esta cita, que ano tras ano impulsa a hostalería lucense, a través do Servizo de Audiovisuais coa elaboración dun promocional para o impulso do concurso. Neste senso, Rivera Capón, destacou que "este servizo provincial tamén gravará un audiovisual sobre os establecementos autores das tapas finalistas, dándolle unha maior visibilidade aos hostaleiros que participaron". Estes vídeos serán proxectados antes de elixir aos gañadores do concurso. A institución provincial colabora de forma constante coa Asociación Provincial de Hostalería e Turismo de Lugo para a promoción deste sector e do turismo na provincia de Lugo.



HORARIO E PREMIOS. As tapas estarán dispoñibles para o público como mínimo de 13:00 a 15:30 horas e de 20:00 a 22:30 horas, a un prezo de entre 2 e 3 euros.

Os consumidores valorarán as tapas do concurso mediante un cupón de votación individual, que terá que ir selado polo establecemento correspondente e cuberto cos seus datos. A valoración será do 1 ao 5, sendo 1 a nota máis baixa e 5, a máis alta. Todos estes cupóns entrarán no sorteo de distintos premios, ceas e vales do Burela FS, do CB Breogán, do CD Lugo, do Emevé Lugo e do Ensino Lugo.

Ademais, os consumidores que o desexen poderán pedir ao establecemento no que consuman a tapa o folleto-pasaporte para o seu selado e, deste xeito, entrar no sorteo de dúas viaxes.

Se o folleto-pasaporte está selado como mínimo por 10 establecementos participantes optarase á experiencia "Saborea a Costa da Morte", que consistirá nunha estancia de dúas noites para dúas persoas e menú degustación.

Se o folleto-pasaporte está selado

como mínimo por 20 establecementos participantes optarase a unha viaxe dunha semana para dúas persoas a Gran Canaria.

O xurado popular elixirá o local gañador do concurso e e un xurado técnico o primeiro, segundo e terceiro premio de entre 12 finalistas, así como as maridaxes, tanto con Estrella Galicia como con viño Ribeira Sacra. A final terá lugar a fin de semana do 26, 27 e 28 de novembro.

PARTICIPANTES. O listado de establecementos participantes é o seguinte: 3 Pes; A Adega; A Paparota; Anda; Antas; As Landras; Bulló Xantar; Campos; Casa D'auga; Edu-ri; El Boni; El Dotmas Bar; El Riba; El Santuario de Magnus; España; Karrusel; La Cosechera 1977; La Terraza del Méndez; Las Cinco Vigas; Legends Café; Manuel Manuel; Mesón Colón; Meson El Castillo; Nadel- la; O Castor; O Cincuenta e Seis; O Figón; O Mercado Casa de Comidas; Paprica; Parada 33; Portal 36; Pulperia O Castelo; San Marcos Café; Taberna Daniel; Tapería Tentación; Toni Portela; Tosar; Yaldara.

Lois Pérez gaña o V Premio Agustín Fernández Paz



Felicitación do Concello a Lois Pérez

O Instituto de Estudos Chairegos, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais de Galicia comunicaron durante o acto de entrega do IV Premio Agustín Fernández Paz a Iria Misa, de que xa hai gañador da nova edición, o V Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola Igualdade, e este é o lucense Lois Pérez Díaz e a súa obra *A Gruta da Torre* presentada baixo o lema ouseudónimo de *Un peso sempre se gastou*.

O xurado estivo formado por Iria Misa Peralba, gañadora do premio 2020, Manuel Bragado Rodríguez e Xosé Lastra Muruais.

O xurado salienta o interese da trama que se desenvolve no verán de 1990 en Ribadeo en espazos recoñecibles así como polo seu carácter como historia de formación protagonizada por un grupo diverso de rapaces que emprenden unha viaxe de descuberta seguindo o fío das viaxes nos libros e na memoria.

Nuria Graham actuará o día 11

O Códex Cinema acollerá o 11 de novembro un concerto de Nuria Graham, unha compositora con orixes irlandesas e catalás. A experiencia contará cunha mestura de arte e gastronomía na que os lucenses poderán gozar dunha cea mentres escoitan a música.

Nuria Graham comezou a súa andaina coa publicación de *First Tracks* no ano 2015 e dous anos máis tarde sacou *Does It Ring a Bell?*, un disco que consolidou a súa posición no panorama estatal de folk-pop. A cantautora chega por primeira vez á cidade amurallada para presentar *At*



Last o seu proxecto actual. O concerto terá lugar no Espazo Vexetarian. A cea comezará ás 21.00 horas e o colofón chegará co concerto as 22.30. Pódense mercar entradas só para o concerto ou para o concerto e a cea.

FORMACIÓN PARA DESEMPLEADOS 100% GRATUITO

- IFCT0609 Programación de sistemas informáticos.
- FMEM0109 Xestión da produción en fabricación mecánica.
- COMLO210 Xestión e control do aprovisionamento.
- FMEO0209 Deseño de canalización industrial.
- FMEO0208 Deseño de caldeiraría e estruturas metálicas.
- FMEO0309 Deseño na industria naval.
- IFCT0110 Operacións de redes departamentais
- IFCD0110 Confección e publicación de páxinas web
- Competencias clave: castellano, gallego y matemáticas

Más Información en:
formacion@estudiosrafer.es
982 22 26 49



DIGIT@LIZA LUGO

FORMACIÓN 100% GRATUITA PARA EL TEJIDO EMPRESARIAL DE LA PROVINCIA

- Gestión de digitalización
- Desarrollo de negocio digital
- Reto en digitalización
- Reto en comunicación digital
- Reto de competencias directivas
- Reto en transición energética
- Covid - la oportunidad del cambio

¡NO DEJES QUE TU EMPRESA SE QUEDE ATRÁS!

INFÓRMATE

672 06 33 31

digitalizacionpymeslugo@eoi.es

Novos graffitis no Campus lugués e no colexio Fingoi



Os novos graffitis, arriba o do campus e abaixo, o colexio Fingoi

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, visitou o colexio de Fingoi xunto ao muralista e autor desta intervención artística, Leandro Barea, e representantes do Colexio de Fingoi. Nesta zona vén de rematarse unha nova intervención do festival de arte urbano Culturbán, organizado pola área de Cultura e o Espacio Lupa Arte.

“Seguimos a traballar en intervencións artísticas na rúa que convirían a Lugo nun lugar vangardista, participativo e amable”, explicou Arroxo, que destacou “o éxito das intervencións da primeira edición do Culturbán”. A edil de Cultura, Maite Ferreiro, afirmou que “seguimos a apostar polo talento das e dos artistas cunha traxectoria recoñecible como é o caso de Leandro Barea”.

O novo mural ocupa unha exten-

sión de preto de 24 metros de ancho, e nel represéntanse distintas etapas da humanidade nun total de 7 viñetas co estilo habitual de Leandro Barea.

Un graffiti de Diego As infunde amor e respecto polos animais desde o Campus de Lugo, onde xa se pode observar a nova ilustración deseñada polo artista lugués e actual campión de España de graffiti. Por outra banda, o novo graffiti no que Diego As recrea a cabeza dun can forma parte do proxecto ‘Deixando pegada’, unha iniciativa artística promovida pola empresa Gosbi Pet Food no marco da campaña ‘Animal respect’, que está a desenvolver a nivel nacional e coa que busca concienciar á poboación e nomeadamente á mocidade sobre a necesidade de coidar e respectar os animais.

A Sociedade Micolóxica Lucus organiza un curso e unha mostra

A Sociedade Micolóxica Lucus organiza entre os días 8 e 13 de novembro, cinco xornadas teóricas e unha práctica sobre micoloxía.

Trátase dun curso completo partindo de cero e tocando todos os aspectos básicos relacionados coa micoloxía como son a bioloxía, ecoloxía e formas de vida dos fungos, aspectos básicos para a identificación de cogomelos, clasificación de cogomelos, principais grupos e especies, intoxicacións por consumo de cogomelos, principais especies tóxicas, lexislación aplicable, boas prácticas na actividade micolóxica....

EXPOSICIÓN. A Sociedade Micolóxica Lucus prepara unha nova



edición da súa tradicional mostra do outono, a XIX Exposición de Cogomelos. Este evento será o domingo día 7 de novembro no Colexio Rosalía de Castro de Lugo, en horario de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.30 horas.

Na mostra poderase ver unha ampla representación de cogomelos autóctonos perfectamente identificados co seu nome científico, o nome común, o seu hábitat, e a súa comestibilidade ou toxicidade. Como na anterior edición, poderá verse, a través dunha proxección, as principais especies de cogomelos comestibles e venenosos, así como o xeito máis doado e seguro para identificar as distintas especies.

Animan a achegar propostas para os actos conmemorativos do 25N lucense

O Foro de Participación Cidadá en materia de igualdade reuniuse para abordar, entre outros temas, a organización dos actos conmemorativos do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o 25-N, que xirarán ao redor dunha campaña de sensibilización sobre a violencia de xénero no medio dixital. O Foro está presidido pola edil Ana G. Abelleira, e forman parte del representantes de todas as formacións políticas que compoñen a Corporación Municipal, así como representantes sindicais e asociacións veciñais, empresariais e do ámbito da igualdade.

No marco desta iniciativa, segundo explicou a concelleira de Muller e Igualdade, Silvia Alonso, estase a traballar, entre outras iniciativas, na

realización de campañas online a través da web e RSS así como en levar a cabo actividades cos alumnos e alumnas dos institutos en horas lectivas, unha iniciativa que pretende “chegar aos máis novos”. Alonso animou aos asistentes ao foro a enviar propostas ata o vindeiro 8 de novembro para que “a programación de actividades con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero sexa o máis participativa posible”.

Noutra orde de asuntos, trasladouse tamén durante o encontro un informe das diferentes actividades levadas a cabo pola concellería de Muller e Igualdade, destacando entre as mesmas o roteiro e o concerto homenaxe a Xela Arias con motivo

do Día das Letras Galegas, a celebración do día do orgullo LGTBQI+, que contou con con numerosas actividades lúdicas e culturais referidas á diversidade.

Xa máis recentemente, destacan a organización do roteiro polo Vello Lugo Agrario, con motivo da celebración do Día da Muller Rural, o pasado 16 de outubro e a presentación do libro Libres e Vivas, un acto ao que acudiron 220 alumnos de 4º da ESO e 1º de B.A.C de distintos institutos da cidade, onde a Concellería de Muller asumiu a reedición de 2.000 exemplares, que se repartiron “entre os mozos e mozas para aumentar a necesaria concienciación contra as violencias machistas”, apuntaba a edil.

PROMEDISA®
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEdia

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

COMPRA ONLINE
www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374

VP MASCARILLAS



**MASCARILLAS
VP2 FFP2 NR**

Caja 25 Mascarillas

**14,50€
Caja**

**Compre 2
y LLEVE 3**

**Oferta válida
noviembre**



IMPORTANTE

Mascarillas certificadas por AITEX
(Asociación de Investigación de la Industria Textil)

CE 0161 EN 149:2001+A1:2009

VP MASCARILLAS pertenece a la
**ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE FABRICANTES
DE MASCARILLAS, BATAS Y EPIS**

FABRICADAS EN GALICIA
EN SALA BLANCA PARA UNA TOTAL HIGIENE

COMPRA DIRECTAMENTE EN:
TIENDA ONLINE

www.vpmascarillas.com

TIENDA EN FÁBRICA

Avda. Benigno Rivera, 64, 27003 Lugo - 982 147 520

+ INFO: info@vpmascarillas.com

O Museo Provincial conta con novas pezas grazas a dúas doazóns

O Museo Provincial de Lugo ven de recibir dúas obras de Luís Gómez Pacios doadas pola familia Veiga Veiga de Lugo. Trátase de dous cadros de distintas técnicas e características. Un óleo sobre lenzo de 63,4 x 47,4 cm, que representa un ramo de mimosas en flor nun floreiro de cerámica xunto a dous libros colocados aos pés do recipiente, e unha acuarela sobre papel de 56 x 41,8 cm, que mostra unha paisaxe rural cun pequeno núcleo de poboación, os campos da contorna, nun deles coa herba seca amontoada en medas ou paleiros, e un hórreo tradicional en primeiro plano á dereita.

Luís Gómez Pacios, artista polifacético, prolífico e inquieto, nacido en Lugo en 1925 e falecido nesta cidade en 1983, compaxinou a súa actividade creativa co ensino artístico e o seu posto de traballo no propio Museo Provincial, institución na que desempeñou variadas tarefas desde mediados dos anos 50.

As dúas obras doadas pola familia Veiga Veiga pasarán a formar parte da colección de obras do artista que se conserva no Museo Provincial, integrada ata a data por 12 obras de pintura, debuxo e gravado e 2 pezas escultóricas.

Actualmente, na colección permanente do museo, na sección de arte galega (SALA 14 – Figuracións e abstraccións), está exposto ao público o cadro de Pacios titulado “O pintor e o seu mundo”, un óleo de 1954 que representa a Blas Lourés, outro recoñecido pintor lucense.

Na obra de Pacios predomina a temática costumista, en particular a galega. Alternou a súa dedicación á figura, o retrato, a paisaxe, o bodégón. Experimentou con diversas técnicas e materiais, tanto é así que ao observar a súa traxectoria



Os dous cadros doados pola familia Veiga Veiga

apréciese a pluralidade de estilos e recursos que abordou nos seus traballos.

AZIZ+CUCHER. Mónica Alonso presentou no Museo Provincial unha peza creada para o proxecto *Cabodano. II Andaina* impulsado polo Centro de Estudos Fotográficos de Vigo, como epílogo e celebración da actividade editorial que a entidade desenvolveu desde 1985 ata o ano

2016, coa publicación de 44 obras de fotografía contemporánea.

No marco desta iniciativa, que se puxo en marcha en 2019, creadoras e creadores de distintas disciplinas –Ana Soler, Joan Fontcuberta, Fran Hervello ou Almudena Fernández Fariña – veñen realizando pezas e intervencións inspiradas nos títulos publicados na colección Do Trínque en distintos espazos expositivos e centros culturais de Galiza.

Nova exposición

O museo inaugurou a exposición Un mundo, dous mundos da pintora lucense María Xesús Pérez Carballo, que poderá verse ata o vindeiro 11 de novembro.

Trátase dunha mostra retrospectiva na que conviven o lirismo e a denuncia social como sinalou a propia autora na súa intervención, con referencias emocionadas á infancia e ás amizades que conserva desa etapa vital, presente na plástica mais tamén no texto poético que abre a exposición.

O percorrido pola Sala de Exposicións iniciase con cadros de paisaxes e imaxes da natureza nos que a pintora verte o seu mundo máis íntimo e remata en obras realizadas cunha vontade de crítica nas que usa o collage para introducir imaxes captadas por reporteiros gráficos en contextos de guerra e sufrimento e interpretalas con pinceladas propias.

A mostra recupera, pois, a obra da autora para o público lucense despois de dezoito anos e ressignifica o lema *O futuro dos museos: recuperar e reimaxinar* baixo o que o Museo de Lugo ven desenvolvendo a súa actividade neste 2021.



Homenaxe a Darío Villanueva en Lugo

A USC rende tributo ao profesor Darío Villanueva

“Darío Villanueva é unha das figuras senlleiras da nosa Universidade. Foi, é e será un universitario no sentido máis pleno da palabra. A pegada que deixa nos estudantes tanto dentro como fóra da USC é moi fonda, como fondo é o seu compromiso firme e inquebrantable coa institución”. Así definiu a vicerreitora de Titulacións e Captación Internacional, María José López Couso ao profesor emérito da USC Darío Villanueva Prieto. O ex reitor foi homenaxeado no marco do IX Simposio da Asociación Española de Teoría de la Literatura (Asetel).

“Hai unha palabra que mor moito que se use non se estraga e esa palabra é gracias”, afirmou emocionado o profesor Villanueva logo de escoitar as louanzas dos seus compañeiros. “Débolle moito á

USC”, engadiu para despois facer un repaso por algúns dos episodios vividos nos seus case cincuenta anos de servizo á institución. O ex reitor Villanueva foi o encargado ademais de pronunciar o relatorio inaugural do simposio baixo o título ‘A verdade das distopías’.

O decano quixo subliñar que “como estudante que fun desta Facultade quero unirme a este recoñecemento xa que o profesor Villanueva é desas poucas persoas que paga a pena oír sempre”. Pola súa parte, o profesor Fernández Mosquera destacou que “para moitos de nós Darío marcou a nosa traxectoria académica e universitaria. Xa dende ese momento como alumnos, sentímo-lo como un referente. Aprendemos del un xeito de ser e actuar. Foi para nós un modelo de comportamento”.

O Caudal Fest lanza unha enquisa para escoller os grupos

O Caudal Fest xa está comezando a dar forma ao seu cartel para o vindeiro ano 2022. Por iso lanzaron unha enquisa online que permite escribir as bandas e grupos que cada quen lle apeteza escoitar. Así, tras facer a enquisa os participantes entrarán nun sorteo de

dous abonos dobres.

Lembramos que este é o último festival do verán que celebra na cidade amurallada e que contou nesta edición 2021 con Love Of Lesbian, Kutxi Romero de Marea, La M.O.D.A., Bad Gyal e Toundra, entre outros.

Ousá
Panadería | Pastelería | Cafetería

San Martín de Guillar s/n. Outeiro de Rei - Lugo. T. 982 201 126

RAXERIA LAXA

TEMPORADA DE CAZA
ESPECIALIDAD EN PLATOS DE JABALÍ Y PERDIZ

C/ EDUARDO PONDAL 20. BAJO. LUGO - TEL.: 982 216 536
www.raxeriaalaxa.com

“Cando infiltras a vida artística coa cotiá, ambas se enriquecen”

Jesús Otero Yglesias é un artista lucense con ampla experiencia en salas de exposicións e que nos revela a súa experiencia e a súa evolución artística

Dende cando empezou no mundo da pintura?

Dende moi novo tiven interese. Eu empecei a facer cousas que podían ter certo talante artístico dende moi pequeno, sen embargo, eu non o entendía coma unha práctica artística senón coma unha labor de investigación do que había no mundo. Isto é algo que me ven de familia, xa que veño dunha familia máis de aldea, onde se busca e se intenta amañar todo. Eu vivín no medio de ese ambiente versátil de moita curiosidade e foime calando. Quizá, a miña primeira iniciativa foi a ciencia e a investigación científica pero co paso dos anos, funme arrimando máis ao artístico. Ao final foi un proceso de anos.

Como considera que evolucionou a nivel artístico?

Fun evolucionando porque vas coñecendo xente moi distinta ao longo da túa vida e entrando en contacto con moitas cousas diferentes. Quizá, esa curiosidade omnívora que tiña dende pequeno se mantén tamén na idade adulta. Chegou un momento no que pensei que a práctica artística non tiña que estar illada de todas as outras cousas que vas coñecendo e coas que entras en contacto e foi aí, cando fun incorporando lecturas, a miña vida cotiá e outras cuestións. Iso lévate a que quizás, a linguaxe da pintura non che chegue de todo para o que queres facer, aínda que considero que esta linguaxe pode dar conta practicamente de toda a experiencia humana en toda a súa complexidade. Sen embargo, fun evolucionando e fun derivando á instalación. Isto é cando fas cousas que

teñen que ver máis coa arquitectura e de facer uso de todo o espazo, empregando luces, outros materiais... Por poñer un exemplo, no ano 2018 fixen unha exposición no MIHL. Este é un espazo bastante raro porque é moi longo. Tiña a opción de colgar cadros, sen embargo, pensei que podía facer uso de esas paredes tan longas e simplemente fixen unha pintura nun rolo de cartón que ocupaba toda a parede. Tamén se trata de facer exposicións que se parezan máis á vida cotiá dun individuo que está rodeado sempre de obxectos moi diversos. Os artistas traballamos máis desta maneira, buscando que o visitante teña unha inmersión máis complexa de obxectos e de experiencias.

Entón, considera que ten multitude de influencias?

Si. A deriva que foi levando o arte moderno foi de ir achegando cada vez máis a esfera artística da vida cotiá. Eu aprendín e traballo sobre iso. Confúndese a vida privada da vida artística e en realidade ven a ser o mesmo e, canto máis se xuntan, curiosamente, mellor funciona todo xa que tes máis fontes ás que recorrer para o teu traballo, tes máis proximidade coa vida dos demais e vólveste máis humano. Cando infiltras a vida artística coa cotiá, ambas se enriquecen e a xente crece mutuamente

Ten algún proxecto a curto ou a longo prazo?

Agora mesmo, pasoume coma me imaxino que lle pasou a moitos compañeiros meus do gremio que, coa pandemia, adiaron moitos proxectos. Proximamente, vou ter un na sala de exposicións da Xunta de

Galicia en Lugo e penso que será en xaneiro ou febreiro. Quixen expoñer aí porque é un espazo raro e difícil e, a miña idea, é empregar as sete columnas que hai.

Viaxou a diferentes lugares a nivel internacional, como conseguiu esas experiencias?

Un dos meus maiores esforzos dende o principio foi o de intentar proxectarme non só localmente, que é moi agradable porque hai un contacto máis humano, senón tamén de forma nacional e internacional. O mercado funciona así. Eu mandei proxectos a moitos sitios dende un primeiro momento. Fixen un traballo moi intenso niso, pero con pobres resultados. Sen embargo, de eses resultados si saíu algunha cousa e puiden participar en algunha exposición e Italia, Francia, Polonia... e conseguín estar en Bélxica durante un ano, algo que me abriu máis portas. Por iso, é algo que forma do meu traballo, realizar proxectos e envialos a convocatorias a nivel internacional, aínda que sexa complicado. Ademais, con isto, mellora o teu traballo, a túa linguaxe e queda a obra como proxecto.

Que diferenzas pode haber de como se vive o arte en outros países de Europa en relación a Galicia?

Eu diría que, sobre todo, no respecto. Tanto polo traballo do artista como polo resultado do seu traballo. Aquí desmóntanse moitas obras e é un traballo no que hai mofas. Hai esa falta de respecto que, cando andas por fóra, non percibes desa maneira. Tamén te admiten máis polo que fas que polo currículo que tes.

Cal foi o lugar onde máis lle gustou



expoñer?

Destacaría dous. Por un lado, o Espai Cúbic na Fundación Pilar y Joan Miró en Mallorca, en 2004. Ata aquel momento, facía pintura exclusivamente, sen embargo, ao ver o enorme espazo que era, ocorréuseme a idea de colocar espellos en lugar de cadros, retomando a idea dos gabinetes de pinturas do século XV e XVI en Europa, que enchían habitacións enteiras de cadros, de arriba a abaixo. O que se me ocorreu foi encher o espazo pero, en lugar de cadros, de espellos. Isto facía que se ampliara e deformara o espazo, facendo cousas curiosas. Nese momento, traballei co espazo e non coa representación da pintura, algo que resultou peculiar, máximo e sorprendente. A partir diso, que saíu ben, din o paso da pintura á instalación de gran formato. Por outro lado, outro momento crucial, considero que foi no 2018, na sala Alterarte do campus da Universidade de Ourense. Este é un espazo pequeno que non ten nada que ver co primeiro. Nela fixen unha exposición adaptada a ese espazo que se podía recorrer e visitar. Tratábase de vinte e tantos paos pintados de negro, nos que escribín en branco unha serie de parágrafos dos poemas de Carlos Oroza. Nesta exposición non

te poñías diante dunha parede a ver un cadro, senón que quedabas alí metido no medio de todo iso, coma se fora un bosque de versículos. Á xente gustoulle moito e eu quedei moi contento desa mostra. É unha desas exposicións que, aínda que leves a outro sitio, sabes que non vai ser igual xa que está feito exclusivamente para aí.

Hai algún lugar onde non expuxo aínda e quere facelo?

No Centro Galego de Arte Contemporáneo en Santiago de Compostela, aínda que supoño que calquera artista galego quere expoñer alí. Gústanme tamén moito as igrexas e catedrais e, de feito, actualmente teño unha exposición na igrexa de Santa María de Gondar, a través do programa Connexio. Nesta igrexa fixen unha instalación adaptada ao lugar con cruces diversas e con diferentes materiais. Gústanme os espazos “sagrados”, porque teñen outro silencio, outra luz... que axuda en certa medida a certo tipo de obras, que non adoitan ser ruidosas e que están tinguidas de misticismo e de silencio, como as miñas. Aínda que, realmente, a min calquera sitio me interesa porque todos aceptan posibilidades. Hai que ler os espazos.



LUGOCOPIA

Imprime desde casa y recoge en tienda

www.lugocopia.es

Praza de Augas Férreas, 2 - Baixo
27002 Lugo (Lugo)
982 220 721 - info@lugocopia.es



FLORISTERÍA ROSE FLOR

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

Tu Navidad con Flores



Abre o prazo para solicitar instrumentos do banco da Escola de Música

Abriu o prazo para solicitar instrumentos musicais procedentes do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música. “Trátase dun servizo para que as familias con maiores necesidades económicas, que non poden facer fronte á inversión que require un instrumento musical, poidan facilitar a iniciación das súas fillas e fillos á música”, indicou Maite Ferreiro.

Tres trombóns, catro trompetas, dúas trompas, tres saxofóns altos, un fagot, dous bombardinos, unha tuba, unha gaita en do, tres packs de percusión, cinco clarinetes e un requinto forman parte do fondo inicial do banco, que segundo Maite Ferreiro “poderá ser ampliado no futuro, tanto mediante adquisición de instrumentos por parte do concello como con doazóns”.

Sobre o material doado, Ferreiro indicou que “sempre que se ceda material para a Escola, converterase en material de préstamo a non ser que o estado ou o interese do instrumento o fagan máis apto para a súa exposición ou conservación”. As e os alumnos da escola que desexen solicitar instrumentos deberán estar empadroadas en Lugo. Os préstamos durarán como máximo un ano e cada estudante só poderá optar a un instrumento. Para a adxudicación dos instrumentos, terase en conta a situación económica de cada familia.

As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica do concello de Lugo ou a través do rexistro presencial solicitando cita previa no 010 (982 297 350) ou no rexistro de outras administracións

Tomás Notario e Caixa Rural crean unha fundación para investigación

O que fora alcalde de Lugo Tomás Notario Vacas e o presidente de Caixa Rural Galega, Manuel Varela presentaron a Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario que crearon o pasado 23 de setembro. A Fundación nace cunha dotación inicial de 200.000 euros, e que se completará ata polo menos un millón de euros, achegando cada unha das partes a metade destas cantidades.

A súa finalidade será a de promover a investigación e a educación, de forma prioritaria no sector agroalimentario e forestal, con especial atención aos estudos superiores en aras de perseguir a excelencia e especialización en ámbitos que poidan reverter no progreso e a mellora de actividades produtivas nos sectores citados.

Entre as súas prioridades iniciais



Presentación da nova fundación

está a convocatoria de bolsas para a realización de estudos superiores, masters, mesmo no estranxeiro, coa finalidade de formar a profesionais nos centros máis vangardistas co obxecto de que poidan achegar os seus coñecementos a sectores produtivos de

Galicia.

Aínda que os programas e convocatorias están aínda por definir, tamén se poderán destinar recursos para proxectos de investigación, edición de publicacións divulgativas, congresos científicos ou convencións.

O Concello oferta programas de prevención das drogodependencias

O Servizo de Prevención de Drogas e outras Adiccións presentou a súa programación para o curso 2021-2022, accións que buscan educar e concienciar á mocidade lucense e ás familias sobre os efectos negativos do consumo de drogas.

Con este programa, o Concello quere traballar cos mozos, mozas, a contorna educativa e as familias cuestións como ás adiccións no século XXI e a responsabilidade persoal. Ensinará, ademais, como efectuar unha comunicación efectiva e como manexar habilidades sociais e emocionais para a resolución de conflitos. Tamén falarase sobre as ferramentas de prevención de adiccións.

Os obradoiros, cuxo enfoque e material está adaptado en función dos cursos, convidan á participación e reflexión dos asistentes e serán impartidos por profesionais con ampla experiencia. O número de sesións mínimo para cada un de estes obradoiros é de 3, cunha duración de entre 50-60 minutos.

O Foro Feminista recibe o Recoñecemento Menina

A Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur), a artista Guadi Galego, o Foro Feminista de Lugo, Xeración Sociedade Cooperativa Galega e a referente feminista Paloma Rodríguez, a título póstumo, reciben os Recoñecementos Meninas pola súa loita pola igualdade, segundo o fallo publicado polo xurado, presidido polo delegado do Goberno, José Miñones. Trátase da cuarta ocasión na que os galardóns do Executivo chegan a Galicia, neste caso con estes cinco recoñecementos.

Con motivo da celebración do 25N, o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, a Delegación do Goberno reconece o férore compromiso fronte á violencia machista nas catro provincias galegas. Nese sentido, sobresaí polo seu intenso traballo que implica a outras 64 entidades a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (Fademur) en Galicia.

O Foro Feminista de Lugo é a institución recoñecida. O xurado desta-

ca a súa labor divulgativa do feminismo e as actividades que realiza, con faladoiros que afondan no concepto de igualdade. Alí a mención é para o policía Pablo Rodríguez, da Unidade de Atención á Familia e á Muller da Policía de Viveiro.

O xurado, presidido polo delegado do Goberno, José Miñones, estivo completado polas persoas titulares das subdelegacións provinciais. Contou coas propostas da Unidade de Violencia de Xénero da Delegación e as súas unidades provinciais de coordinación. José Miñones fixo un chamamento a continuar avanzando cara a fin da violencia machista, un dos principais males que debe erradicar a sociedade.

A entrega dos Recoñecementos Meninas terá lugar a semana do 25N no Hostal dos Reis Católicos. Completa un programa de actos con máis dunha trintena de actividades arredor do 25N nas catro provincias, que xa comezaron e conclúen o 3 de decembro. É unha media dun acto cada tres días.



Actuación da banda de música en Lugo

A Banda volve estar sen director ao pedir este unha excedencia tras tres meses no cargo

O Concello estimou a excedencia por prestación de servizos solicitada polo director da Banda de Música de Lugo, David Fiuza, tras obter este a praza de Director da Banda de Música Municipal de Santiago, que pasou a ocupar este mes cun contrato de alta dirección durante dous anos. O director tomara posesión do seu cargo en Lugo o pasado mes de xullo, “tempo no que desenvolveu un corto pero intenso e excelente traballo tanto na Banda como na Escola de Música”, destacan dende o Concello, que lembrou que “a excedencia é un dereito que ten como traballador”.

O músico de Vila de Cruces obtivo a praza lucense tras participar no proceso selectivo convocado pola área de Recursos Humanos, unha oposición de acceso libre na que se esixía como requisito imprescindible a titulación superior de Música ou

equivalente na especialidade de dirección de Orquestra, expedido polo Conservatorio Oficial de Música.

A gran profesionalidade de David Fiuza queda de manifesto, ademais de por superar o proceso selectivo de Lugo e Santiago, este último dunha duración de dous anos en servizos especiais, en que tamén foi reclamado polo Concello de A Coruña, previo acordo con el, para a súa incorporación á Banda Municipal da cidade herculina en comisión de servizos, denegándose esta comisión, tamén por dous anos, ante o informe desfavorable emitido polo servizo de Cultura.

A área de Gobernanza procederá agora a chamar á segunda das persoas que aprobou o proceso selectivo de director da Banda de Música Lugo para cubrir este posto en comisión de servizos ata a volta de Fiuza.



Avanzamos nunha nova MOBILIDADE



#ActivandoLugo

SOS Sanidade Pública de Galicia convoca unha manifestación en Santiago o día 14

Desde SOS Sanidade Pública de Galicia, colectivo que aglutina a practicamente todas as plataformas sanitarias do país, organizacións sindicais, políticas, sociais e profesionais convocouse unha manifestación en Santiago o próximo día 14 de novembro.

Esta convocatoria responde ao lema *Salvemos a atención primaria: en defensa da sanidade pública*, e partirá ás 12 horas desde a Alameda. Esta plataforma forma parte tamén do comité organizador da mobilización, polo que “apoiamos e adherímonos a esta convocatoria de defensa da sanidade pública, que nesta ocasión poñerá máis énfase sobre a Atención primaria polos recortes aos que a ten sometida o goberno da Xunta desde hai 12 anos, e acrecentado aínda máis desde a pandemia”, di Montse Porteiro, voceira da Plataforma da Mariña. “O que está a acontecer na Primaria ten como responsable ao goberno da Xunta e a Consellería de Sanidade, polas súas políticas conducen ao desmantelamento da sanidade pública”, engade Porteiro, “12 anos de xubilacións de profesionais e contratacións en precario que levan ao éxodo de profesionais cara a outros lugares onde os contratos son estables. Mais a Consellería pecha os ollos e non toma medidas”.

O Concello de Lugo ofrece un servizo gratuito de limpeza de pintadas

A área de Medio Ambiente do Concello de Lugo, que dirixe o tenente de alcaldesa, Miguel Fernández, lembra, a raíz das pintadas que apareceron en varios edificios da cidade, que a cidadanía poder pedir a limpeza das mesmas a través dun servizo gratuito dependente desta concellaría.

Para solicitar o servizo é necesario cubrir o impreso que figura na seguinte ligazón da páxina web do concello: <http://concellodelugo.gal/gl/tramites/limpeza-de-fachadas>, debendo achegar a solicitude debidamente cumprimentada e a documentación acreditativa da propiedade ou representación da comunidade de propietarias e propietarios do edificio.

Fernández pediu civismo ante estes feitos, e lembrou que o custo do vandalismo “pagámolo entre todos, polo que é moi importante chamar á responsabilidade e que sexamos conscientes de que Lugo é a nosa cidade e que todos debemos contribuír a coidar dela e non a estragala”.

Lugo lembra a figura de Paco Pestana

A cidade homenaxea ao artista falecido dedicándolle un banco na praza Anxo Fernández Gómez

O Concello de Lugo homenaxeou ao artista Paco Pestana adicándolle un banco na praza Anxo Fernández Gómez, detrás do concello. A acción executada pola área de Cultura foi promovida polos artistas locais Vanesa Díaz e Luciano Pérez, que se achegaron para descubrir a placa que o concello colocou no banco onde habitualmente se colocaba Paco Pestana, xunto con Otero Regal, que non puido acudir ao acto. O acto contou coa participación de Rubén Arroxó, Tenente Alcalde do Concello de Lugo e Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, acompañados de concelleiras e concelleiros do Goberno Municipal e representantes de todos os grupos con presenza na corporación. Ademais, achegáronse representantes de distintos colectivos locais relacionados coa Cultura.

Maite Ferreiro anunciou que “desde o Concello de Lugo realizaremos a mellor homenaxe posible a Paco Pestana”, para o que, segundo explicou a edil de Cultura “escoitaremos as propostas do tecido cultural local e das persoas achegadas ao artista”. Nos últimos días apareceron múltiples propostas a través das redes sociais, respaldadas por artistas,

para lembrar a figura de Paco Pestana.

ESCULTURA PRAZA ROXA. O Partido Popular presentou un rogo á Comisión Cultura para que o bigoberno “repáre e reubique a escultura de Paco Pestana situada na Praza Roxa e que está nun estado deplorable”. “Trátase do San Sebastián Alanceado unha peza á que lle falta a cabeza e que está destrozada e pouco ten que ver xa coa peza orixinal”. Os populares explican que a escultura, que estaba situada nunha peana nun lateral da praza, trasladouse de forma arbitraria de lugar e agora a súa peana é un muro que hai neste espazo público.


Para o PP é un deber do goberno local “poñer en valor a riqueza artística que hai en Lugo” e aproveitan esta petición para reclamar a redacción dun inventario dos elementos escultóricos do municipio para evitar que esculturas como esta de Paco Pestana queden esquecidas ou apartadas nun rincón”. Este inventario poderíase utilizar para promocionar a cidade, para recompilar as obras escultóricas de artistas lucenses con traxectorias de recoñecido prestixio na páxina web do Concello e que mesmo incorporar a información



Arriba, o banco, e abaixo, a escultura de Pestana da praza Roxa

nos planos guía do rueiro.

PREMIOS. En sesión extraordinaria da Xunta Directiva da Asociación Cultural Lugo Sempre tomouse o acordo de solicitar a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo, e os concellos de Lugo e Castroverde, o financiamento de premios e redactar as bases da convocatoria da Bienal Galega de Escultura, Paco Pestana, “na honra de un home bo; recoñecido socialmente e, por suposto, artisticamente. A sociedade luguesa deixou patente o seu sentir polo pasamento de Paco Pestana Díaz”.



Lugo entregou a Médicus Mundi un total de 3.228 lentes doadas pola veciñanza

A rexedora de Lugo, Lara Méndez, fixo entrega a Médicus Mundi dun total de 3.228 pares de lentes que a cidadanía lucense doou a través da campaña #MisGafasTusGafas coa que colaborou o Concello de Lugo, a través da área de Medio Ambiente que dirixe o tenente de alcaldesa, Miguel Fernández.

Méndez recibiu no Concello a Luis Casado, presidente de Medicus Mundi Norte, Mari Cruz Cuevas, presidenta da Federación de Asociacións Medicus Mundi de España (FAMME) e Miguel García Liñares, delegado de Urbaser en Lugo e, durante o acto, quixo destacar a gran participación da poboación nesta iniciativa coa que se axudará a previr a cegueira en Marrocos, Burquina Faso e Guatemala onde a Ong desenvolve diversas accións en prol da saúde visual de persoas sen recursos.

Durante varias xornadas, a empresa concesionaria do servizo de limpeza e recollida de lixo, Urbaser, habilitou un colector específico nas prazas máis concorridas da capital



para facilitar a colleita. Enclaves até os que numerosas persoas se aproximaron para depositar as súas lentes e darlles así unha segunda utilidade.

A alcaldesa aproveitou o encontro para poñer en valor non só a solidariedade da veciñanza de Lugo, senón tamén a transcendencia que ten a cooperación social e institucional para facilitar o desenvolvemento deste tipo de accións “nas que un xesto sinxelo, como reciclar aquilo ao que deixamos de darlle uso, terá un alcance extraordinario en tanto conseguirá evitar doenzas e mellorar a calidade de vida de colectivos vulnerables”, concluíu Lara Méndez.

Concello e Auxilia actualizan a web de Lugo Accesible

O Concello de Lugo, en colaboración con Auxilia, da un paso máis cara a acadar unha cidade inclusiva e sen barreiras. Para iso, relanza a web de Lugo Accesible (<https://lugoaccesible.com/>), mellorando o canal existente e actualizando toda a información de interese para que as persoas con algún problema de discapacidade poidan visitar e coñecer a cidade e todos os recursos públicos e privados a súa disposición.

A nova plataforma foi deseñada co obxectivo de que “sexa máis intuitiva e adaptada tamén a todos os dispositivos electrónicos, e recolle información de interese sobre como visitar a cidade sen barreiras arquitectónicas, tanto a parte histórica e cultural, así como de organismos públicos, pero tamén ofrecendo toda a oferta de turismo accesible de hoteis, cafeterías e restauración”, sostivo o vogal de Auxilia, Aquilino González.

Con este fin de “impulsar o turismo accesible se incluíu tamén a información en inglés”. Ademais, engadiu González, “existe un apartado para que as persoas poidan derivar a través dela as queixas e suxestións sobre barreiras arquitectónicas, e así

axudarnos a avanzar na mellora da cidade neste sentido”.

Nestes traballos, a asociación Auxilia participou no proceso de renovación e facilitou todo o contido e fotografías aos creativos ao tempo que supervisaron que todo estivese correcto, xa que “o fundamento para desenvolver unha web accesible radica en comprender que as persoas acceden a Internet de modos diferentes e por iso foi moi importante a súa participación para que a partir desta mellora máis usuarios poidan ter acceso á información”, sinalou González.

Actualmente, a web recolle diferentes apartados encamiñados a facilitar a visita da persoa con mobilidade reducida á cidade. Recolle información sobre Lugo Romano, Lugo Turístico, as zonas verdes da cidade e tamén rutas accesibles. Concello e Auxilia queren facilitar que as persoas que decidan visitar a cidade poidan escoller o establecemento hoteleiro que mellor se corresponda coas súas necesidades. Tamén se recolle un apartado de mobilidade onde as persoas poden atopar as diferentes vías de transporte e todo o relacionado con este.

“Sinto paixón por axudar ás persoas no seu benestar físico, mental e emocional”

Águeda Fernández Villares é a xerente do Centro Holístico Ikigai de Lugo

Águeda Fernández Villares inaugurou en agosto de 2020 o Centro Holístico Ikigai, o seu local atópase ubicado na avenida de Madrid.

Cóntenos Águeda que é isto do Ikigai, palabra que da nome ao seu centro e como xurde esta idea?

Xa tiña experiencia neste eido de feito teño máis de 10 anos de formación. A idea veume porque para min é un tema de vocación, cada vez sinto máis paixón por este mundo xa que está moi ligado a axudar as persoas no seu benestar físico, mental ou emocional e a procura do crecemento persoal. Ikigai é unha palabra xaponesa que define unha filosofía de vida e que non ten unha tradución literal, pero pode interpretarse como que Ikigai é a razón de ser, os xaponeses opinan que todo o mundo ten un propósito de vida, a nosa primeira misión na vida se non sabemos cal é o noso ikigai e atopalo para unha vez atopado estar satisfeito e darlle sentido a vida. Poderíamos dicir que o Ikigai consta de 10 leis fundamentais: Manterse sempre activo, tomar as cousas con calma, non comer ata encherte, rodearse de bo amigos, poñerse en forma, sorrir, conectar coa natureza dar as grazas, vivir o momento, seguir o teu Ikigai ou a paixón que tes dentro e que da sentido aos teus días.

Cales son as liñas de traballo para ofertar benestar ao seu público?

Hai moitas maneiras, cada un ten que utilizar aquela coa que se encontra máis afín. Eu utilizo a masaxe, de varias tipoloxías. A masaxe na nosa cultura actual está moi pouco valorada, pero noutras culturas como as orientais ou incluso aquí no pasado, quen non escoitou ante unha dor a expresión “fai unhas fre-

gas” non deixa de ser unha fricción ou un movemento que se incorpora dentro dun tratamento completo de masaxe. A masaxe permite estimular a enerxía do corpo. A masaxe, en contra de moitas crenzas, non só ten utilidade física aínda que esta é a máis practicada. Realmente é un medio de prevención fabuloso que mellora física e mentalmente, xa que logo do seu tratamento tamén a mente está relaxada, calmada. Para eses momentos da vida que estamos bloqueados, que non estamos conforme pode crear cadros de ansiedade, stres e repercuten no noso estado de ánimo, as masaxes poden axudar na prevención.

Que outros tratamentos aplica?

Combino a masaxe coa acupuntura, tamén traballo coa reflexoloxía sobre todo a relativa ao pé. Esta técnica basease en realizar presións en determinados puntos reflexos un dos mías utilizados é como falaba o da planta do pé, parece increíble pero en determinadas zonas podes mellorar a calidade de vida do usuario conducíndoo a un estado de calma que mitiga a dor. Tamén traballo con xema terapia, a utilización de diferentes pedras e minerais realizando unhas precisas presións así coma no eido de outras técnicas enerxéticas temos o Reiki que é unha técnica tradicional xaponesa que busca o reequilibrio do noso corpo.

Estas técnicas baseadas nas culturas tradicionais, como se levan coa medicina tecnolóxica?

Moitas das pautas da medicina farmacéutica ten raíces nas tradicións como poden ser por exemplo a utilización de plantas medicinais. Se ben é certo que a medicina actual é necesaria e eu sinto admiración por esa



temática, pero tamén son da idea de que moitas veces as persoas fan mal uso dos medicamentos, de feito moita xente faino sen pauta e sen receita médica. Penso que debemos mirar de previr, e dicir, se podemos previr que teñamos que chegar a esa situación máis agravada que solo pase polo tratamento con pastillas. Son da idea que se miramos con tempo e cambiamos a nosa forma de actuar ante as diferentes situación que nos asaltan na vida diaria. Moitas veces tratamos a sintomatoloxía pero non a orixe do problema. Desde aquí intentamos conseguir que os nosos clientes vexan a vida con optimismo e que lles permitan vivir con saúde plena.

Estas actividades das que falaba son individuais, pero tamén realiza outras grupais?

Na actualidade oferto talleres e cursos. Na actualidade estamos con clases de ioga porque me parece unha actividade que engloba corpo, mente e alma e fomenta moito o noso benestar e tamén facemos talleres onde se mesturan ioga con danza e coa respiración e con movementos conscientes. Gústame moito traballar a toma de consciencia de

sentirnos a gusto no noso corpo. O enfoque destas actividades é axudar as persoas a transformar a súa vida en positivo.

E dentro do público que ven as túas terapias, existe algunha diferenza por sexo, idade, etc?

Pois teño que dicir que si. As mulleres son en maior porcentaxe as máis habituais na prácticas de estas técnicas. Sen embargo non hai unha diferenciación en idades teño mozos desde os 8 anos por exemplo ata altas idades. Por exemplo teño moitos estudantes que queren buscar unha mellora da saúde e relaxación de cara a etapa de exames, tamén nenos que son moi activos para relaxarse e calmarse. E despois ven moita xente con problemas de ansiedade e estrés.

E como poden anotarse a estas actividades?

Poden facelo a través de móbil, por exemplo por vía WhatsApp no 696629696. Tamén poden seguirme no Facebook: Ikigai Centro Holístico e en Instagram CentroHolísticoIkigai. Recomendo que para pedir cita o fagan a través de mensaxe así poderei atendelos adecuándome as súas necesidades.

Nova edición do Maratón Fotográfico do Campus de Lugo

O Maratón Fotográfico do Campus de Lugo chegará este mes a súa vixésima sétima edición, que se desenvolverá ao longo da xornada do domingo 14 de novembro. As persoas interesadas en tomar parte nesta iniciativa artística, aberta á participación de maiores de 18 anos e dotada con 900 euros en premios para as tres imaxes máis valoradas por parte do xurado, poden formalizar a súa inscrición a través do enderezo de correo electrónico cultura.lugo@usc.es ata as 13.00 horas do venres 12 de novembro. Tamén se pode obter máis información a través do número de teléfono 982 821 511.

A nova convocatoria do Maratón Fotográfico do Campus de Lugo, impulsada pola USC, Deputación de Lugo e Concello de Lugo ao abeiro do convenio Lugo Cultural, ofrece aos afeccionados ao sétimo un prazo de 24 horas ininterrompidas para a toma de imaxes coas que concorrán a concurso, tanto na modalidade libre como na temática proposta polo xurado e que se fará pública o 14 de novembro na xuntanza informativa prevista ás 9.00 horas na Casa do Saber. As fotografías teñen que ser inéditas e deben achegarse antes das 10.30 horas do 15 de novembro ao enderezo de correo electrónico cultura.lugo@usc.es. Desenvolverase exclusivamente en modalidade dixital e as persoas participantes poderán presentar unha fotografía a cor ou en branco e negro na categoría de modalidade libre ou na corresponde á temática proposta pola organización. O Maratón contempla tres galardóns para as imaxes máis valoradas polo xurado, con premios de 350, 300 e 250 euros, ademais de trofeo e diploma. O fallo do xurado farase público o 10 de decembro na Biblioteca Provincial de Lugo.

Salud Bucodental

Girugía Dental

Estética Dental

Implantología

Ortodoncia

Odontopediatría

Mosquera Otero
CLÍNICA DENTAL

Te damos una razón para sonreír

No dudes en hacernos una visita y comprobar lo que podemos hacer por ti.

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32
info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

Prueba nuestros tratamientos



Uns 440 expedientes reclaman a limpeza das parcelas urbanas

O Goberno municipal de Lugo leva iniciados 440 expedientes por acumulación de maleza en predios particulares, tanto urbanos como rurais, para instar aos seus propietarios a mantelos limpos. Do conxunto das ordes de execución emitidas, 82 delas afectan a parcelas rurais e as demais se corresponden coa zona urbana, sendo as máis numerosas as que se notificaron en San Fiz (43), O Carme (27), Piringalla (23), Fontiñas (17), ou na Abella (16). De todos eles, 146 soares xa foron debidamente acondicionados e no caso dos restantes atópanse nalgunha das fases da tramitación (notificación, comprobación, alegacións, etc). Este procedemento iníciase coa

comunicación á ou ao titular dos terreos en desleixo e continúa co trámite de audiencia polo prazo de 15 días, ben para que formulen as alegacións que estimen oportunas e presenten os documentos e xustificacións que consideren pertinentes, ben para que executen as actuacións sinaladas para o que disporán doutros 15 días. Dende o Concello aseguran que “este escrito inicial está sendo, en moitos casos, estímulo suficiente para que os donos actúen pero, cando non é así, o Concello está procedendo tamén á execución forzosa de forma subsidiaria previa imposición de multas coercitivas que poden ir dende os 1.000 euros até os 10.000”.

O LUG II acolle un intercambio de estudantes de cinco países



Foto de familia dos estudantes participantes no programa

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel, visitou aos participantes que forman parte do intercambio que se está a celebrar no albergue xuvenil Lug II baixo o proxecto Erasmus + Rural Voices of Europe. Na última semana de outubro reuníronse nestas instalacións da 30 mozas e mozos de Italia, Lituania, España, Serbia e Ucraína. Os participantes, vidos de zonas urbanas e de lugares rurais dos seus

respectivos países, desfrutaban de actividades de convivencia que lles permiten compartir puntos de vista e experiencias coa finalidade de mellorar as súas habilidades en diferentes eidos. Cristina Pichel puxo en valor encontros como este, impulsados polo proxecto europeo Erasmus +, que promove oportunidades de mobilidade á xuventude e apoia o diálogo e a formación non formal das mozas e mozos.

O Día do Veciño reuniu este ano a un milleiro de persoas



A Federación de Asociacións de Veciños organizou no Pazo de Feiras e Congresos a 19ª edición do Día do Veciño, unha cita a que acudiron o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, a rexedora lucense, Lara Méndez, medio cento de representantes de asociacións veciñais e uns 1.600 participantes. A Deputación colaborou con este evento cunha achega económica de 18.000€, destinados, entre outros fins, a distribuír entre os asistentes produtos de proximidade. Tomé Roca, que felicitou a todos os premiados neste encontro coa V de Veciño, puxo en valor o comportamento “exemplar” da veciñanza durante a “durísima crise sanitaria”. “Xa merecíamos esta volta á normalidade, sempre dende a prudencia, por suposto, pero podemos volver a xuntarnos e recuperar o trato coas nosas familias, cos nosos

amigos, cos compañeiros”, sinalou o presidente, que engadiu que “en tempos de illamento ou de restricións, comprobamos canto botamos de menos ós demais, á nosa familia e ós nosos veciños”. “As festas son tamén o momento de ilusionarse co futuro, e eu estou seguro de que, polo que respecta á recuperación, a provincia de Lugo vai seguir contando, coma sempre, co traballo do movemento veciñal”, sinalou José Tomé. O Presidente tamén destacou o peso deste encontro na provincia e no conxunto de Galicia e apuntou que “o avance da sanidade pública, as reclamacións en ferrocarril e transporte por estrada ou a defensa do ensino público son grandes liñas de progreso que avanzaron sempre acompañadas polo empuxe do movemento veciñal da provincia”. O mandatario provincial puxo en

valor o compromiso e o traballo da veciñanza e lembrou que a Deputación “colabora e vai seguir colaborando co tecido veciñal porque é unha ferramenta importante para seguir mellorando a vida da xente e impulsar o desenvolvemento económico do territorio”. Durante toda a xornada, os asistentes puideron desfrutar dunha ampla programación de actividades, que incluíu un partido de fútbol entre xornalistas, unha exposición sobre as xornadas reivindicativas da Federación, diferentes actuacións de música e baile tradicional e un reparto de lotes de produtos da provincia. Ademais, a Federación de Asociacións de Veciños recoñeceu a labor de 23 persoas que destacaron por desempeñar un papel fundamental na dinamización e promoción da súa comarca e no conxunto da provincia.

Estudan habilitar un espazo para mascotas no cemiterio

A concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, acudiu á feira internacional do sector funerario Funexpo para coñecer as últimas novidades no sector “e estudar a colocación dun espazo para mascotas no Cemiterio Municipal, atendendo a unha proposta que a veciñanza leva tempo reclamando”. Cristina López destacou o traballo realizado nos últimos anos para mellorar o Cemiterio Municipal. “Neste tempo realizamos a primeira ampliación do cemiterio desde o 2006 e melloramos espazos tanto na zona antiga como na nova”, explicou Cristina López, que engadiu “seguimos a planificar traballo para mellorar o Cemiterio Municipal, atendendo



A concelleira responsable de área, Cristina López

tamén ás solicitudes que nos fai chegar a veciñanza”. A primeira edición de Funexpo levouse a cabo entre o 28 de setembro e o 1 de outubro en Madrid. Durante os catro días de feira leváronse adiante comisións

de traballo e xuntanzas profesionais de cemiterios e empresas relacionadas co sector fúnebre. O programa incluíu a celebración de Funexpopet, a primeira feira específica do sector funerario no sector das mascotas.

Programa de Acompañamento á Dixitalización

Re
iníciate
Dixitaliza a túa empresa



Desafíos

Comezo o 2 de Novembro

- XESTIÓN DE DIXITALIZACIÓN. Aspectos xerais.
- DESENVOLVEMENTO DE NEGOCIO DIXITAL.
- RETO EN DIXITALIZACIÓN: XERANDO TRÁFICO, CAPTANDO E FIDELIZANDO AO CLIENTE, CREANDO CAPACIDADES.
- RETO DE COMUNICACIÓN DIXITAL, ENTENDER OS PROCESOS DE PROCURA DE INFORMACIÓN E PROCESOS DE COMPRA.

Comezo o 17 de Novembro

- RETO DE COMPETENCIAS DIRECTIVAS: CREAR CONFIANZA, CAPITANEAR A PLURALIDADE.
- RETO DE TRANSICIÓN ENERXÉTICA.
- COVID, A OPORTUNIDADE DO CAMBIO.

Acompañámoste no proceso de dixitalización da túa empresa.

+INFO lugoformaciondigital.es T:982 260 204 / M:672 063 331 digitalizacionpymeslugo@eoi.es

Xa está en marcha o alumeadado na rúa Quiroga Ballesteros



Xa entrou en funcionamento o novo alumeadado da rúa Quiroga Ballesteros. Arroxo anunciou, ademais, o inicio dos traballos de substitución de luminarias na rúa Clérigos. Na rúa Clérigos estanse a substituír 18 luminarias de 150W que conteñen haloxenuros cerámicos por luminarias LED de 53W. A actuación da rúa Clérigos supón un investimento de 5.557,37€, e permitirá aforrar ao concello un consumo eléctrico anual de 7.333 kWh, evitando emitir 2.8 Tn de CO2 á atmosfera.

NOVAS ACTUACIÓNS. O Goberno aprobou a contratación da obra de renovación a rede de alumeadado público nas rúas Montirón e Mapoula, no treito que vai da rúa San Roque á Ronda das Mercedes. Rubén Arroxo explicou que “o alumeadado actual ten xa máis de

20 anos, e quedou obsoleto, dado que algunhas das luminarias utilizadas na zona xa non se fabrican”. Os traballos terán un prazo de execución de 8 semanas. Rubén Arroxo lembrou que desde a área de Mobilidade e Infraestruturas adicaron preto de 3 millóns de euros na renovación do alumeadado público da cidade nos últimos dous anos, onde se substituíron en moitas zonas luminarias con elementos contaminantes como o vapor de mercurio ou sodio por luminarias LED de baixo consumo e mellor eficiencia enerxética.

O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, avanzou tamén unha actuación en tres zonas do centro, abarcando as rúas San Pedro e Nóreas, ademais da praza do Cantiño. Substituiranse 24 luminarias por lámpadas LED de consumos entre 46 e 58 W.

Último paso para a eliminación da pasarela metálica de San Roque

O Concello aprobou a urbanización da esquina de San Roque, un proxecto co que se pretende poñer en valor un enclave no que con flúen dous Bens Mundiais, como son o Camiño Primitivo e a Muralla e así eliminar a pasarela metálica que Notario Vacas instalou como provisional hai máis de 30 anos.

A actuación prevista implicará a erradicación daqueles espazos que, pola súa configuración actual, resultan insalubres ou entrañan situacións de risco para a veciñanza como pode ser a pasarela de acceso aos establecementos comerciais. Isto revertirá, igualmente, noutros aspectos da seguridade cidadá, de forma especial en horario nocturno, porque a reforma pretende minimizar as consecuencias para a poboación por cuestións de xénero.

As solucións aportadas permitirán que o fluxo peonil da Rolda da Muralla teña a súa continuación cunha beirarrúa de 4 metros de ancho, que actualmente non existe, que conectará co espazo que dá acceso ao edificio lindeiro cara a rúa Montero Ríos. Farase grazas á cesión de terreos por parte da iniciativa privada para mellorar o tránsito peonil, e ao mesmo tempo o tráfico rodado verase tamén mellorado co ensan-



Imaxe do estado actual no que se atopa a zona

che da rúa San Roque, ampliándose o ancho dos dous carrís de enlace coa Rolda da Muralla e incorporando un novo viario para o acceso ao Carril das Flores, onde coexistirán o tráfico peonil e o rodado restrinxido, cun tratamento de firme diferente ao ser Camiño Primitivo. Neste caso, usarase granito con formigón desactivado, que é o que está a preferir Patrimonio.

Este tratamento diferenciado prolongarase ata o paso de peóns do inicio de San Roque, para que o acceso rodado sexa máis gradual. Así mesmo, o Carril das Flores terá un ancho aproximado de 6 metros na súa zona

máis ampla, e de máis de 4 metros na zona de acceso desde a Rolda da Muralla.

Os muros que se xerarán pola diferenza de cota que vai producir entre Carril das Flores e a Rolda da Muralla revestiranse de sillería de pedra ou cunha solución semellante para integralo na súa contorna. O muro do lindeiro do Carril das Flores máis próximo á futura edificación resolverase cunha baranda.

O novo proxecto foi colido con reservas por parte do Icomos, que propón ao Concello unha nova ordenación da zona que priorice a salvagarda da Muralla e do Camiño Primitivo.

Lugo segue en obras

O Concello continúa coas obras no Sagrado Corazón, no polígono das Gándaras, na Ronda do Carme e no edificio de servizos sociais de Lamas de Prado

Durante este mes continuarán as obras en diferentes puntos da cidade, entre os que se atopa a renovación da praza do Sagrado Corazón. Rubén Arroxo explicou que “este espazo converterase nun punto de encontro necesario para a veciñanza do Sagrado Corazón, mellorando a imaxe e a seguridade da zona”.

Xunto coa transformación da rúa, renovaranse tamén os servizos como o alumeadado, cuxa instalación se soterrará. Ademais, renovarase o illamento e a impermeabilización do edificio e renovarase o mobiliario urbano.

GÁNDARAS. O tenente Alcalde, Rubén Arroxo, xunto co edil de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas e persoal técnico municipal visitaron as obras de mellora da seguridade viaria no polígono das Gándaras, na rúa D.

A actuación consistirá en modificar o ancho da mediana, pasando dos

11 metros actuais a 5. “Este cambio permitirá crear un novo carril de circulación de 3 metros de ancho en cada un dos sentidos”, explicou o Tenente Alcalde, que engadiu “isto permitirá mellorar a fluidez do tráfico e aumentar a maniobrabilidade dos vehículos industriais, o que en conxunto producirá un aumento da seguridade vial na contorna”. A actuación foi adxudicada a Francisco Gómez y CIA S.L, cun orzamento de 53.423,14€.

ROLDA DO CARME. O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, informou do remate dos traballos de mellora da accesibilidade no parque da Rolda do Carme, situado na unión desta rúa coa Fonte dos Ranchos. Alexandre Penas explicou que “renovamos a pavimentación desta zona verde, porque o crecemento das árbores produciron levantamentos no chan que dificultaban os desprazamentos da veciñanza”. A

solución adoptada pola concellería de Infraestruturas consistiu na aplicación dunha nova pavimentación na zona de tránsito peonil que permitirá “garantir a maior accesibilidade para a veciñanza, especialmente no caso de persoas de mobilidade reducida”, segundo declarou Alexandre Penas.

PRAZA DA ÁRBORE. Tamén estaán a realizar obras na praza da Árbore, ubicada na confluencia das rúas Río Sil, Conde e Salmón, onde o goberno de Lugo está a realizar unha actuación para, segundo explicou Rubén Arroxo “recuperar un espazo que levaba moito tempo abandonado e desaproveitado”. A intervención inclúe a eliminación dun carril de incorporación que levaba moitos anos inutilizado, o que aumentará o espazo adicado ao uso peonil. Esta actuación realizarase en conxunto coa mellora da unión da rotonda que une Río Sil con Infanta Elena.



O tenente de alcalde Rubén Arroxo, supervisando varias obras, arriba no polígono das Gándaras e abaixo, na praza da Árbore

Abre o prazo para solicitar os hortos urbanos do río Rato

A Deputación de Lugo abriu o prazo para que as persoas ou entidade interesadas en optar a algún dos 41 hortos urbanos que quedan dispoñibles no Paseo do Río Rato formulen a súa solicitude. Así o recolle o Boletín Oficial da Provincia (BOP) deste sábado, onde se especifica toda a documentación que é necesario presentar para formalizar a petición dunha parcela.

O prazo para a presentación de solicitudes é de 10 días hábiles a contar dende mañá martes, polo tanto, rematará o vindeiro 15 de novembro. Os beneficiarios terán dereito a utilizar os hortos de maneira gratuíta durante un período de dous anos. A adxudicación farase a través dun proceso de concorrência competitiva no que primarán criterios sociais, como estar en situación de desemprego, ser representante dun centro educativo ou traballar para un colectivo social, entre ou-

tros. Os usuarios e usuarias deben ser persoas físicas ou representantes de asociacións e ser veciños do concello de Lugo ou dalgún municipio limítrofe.

A Deputación de Lugo dispón dun total de 150 hortos neste espazo público que pon ao servizo da cidadanía para o seu uso, cunha actividade de lecer que fomenta o interese pola agricultura ecolóxica, a concienciación no coidado do medio ambiente e, ao mesmo tempo, permiten realizar actividades ao aire libre e en familia.

Para contribuír a estes obxectivos, a institución provincial ofrece un servizo de dinamización dos hortos urbanos, que asesora aos usuarios e usuarias en temas relacionados coa horticoltura ecolóxica e a xestión de recursos, materiais e maquinaria que a Deputación de Lugo pon á súa disposición para o cultivo dos terreos.

A Deputación presenta o plan para renovar a Valgada

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, participou na presentación do proxecto de reforma da Valgada, un terreo de titularidade provincial que a institución ten cedido ao Campus para uso da comunidade educativa. A proposta de renovación deste espazo resultou gañadora nun concurso de ideas impulsado pola USC entre o alumnado co obxectivo de poñer en valor e dinamizar a zona.

O proxecto contempla a retirada dos camiños construídos con formigón e lousas debido ao exceso da sección deseñada e a falta de unidade paisaxística. En substitución, deséñanse novos itinerarios realizados en xabre estabilizado, de maior confort para o camiñante e revalorizando o carácter do Campus Terra a través da composición táctil. Ademais, plantaranse especies arbóreas e plantas autóctonas na contorna.



Presentación do proxecto no campus

A proposta tamén inclúe a delimitación das hortas docentes mediante un muro de mampostería de esquisto. Así mesmo, tamén se proxecta unha integración social e paisaxística da peza de formigón situada no centro da valgada. Vanse retirar dúas filas das gradas inferiores, ademais da

totalidade do escenario. No espazo que queda baleiro vaise crear unha poza que permite unha mellor visibilidade do conxunto da zona e unha apertura cara o exterior da zona de gradas. Esta poza, de 450 m² e de 30 a 40 cm de profundidade, funcionará como elemento de dinamismo.

Propietarios das fincas da Tolda instan ao Concello á unión dos paseos fluviais

O PP desvela que o goberno de Lugo ten sobre a mesa dende hai dous anos unha petición dos propietarios das fincas da Tolda para que o Concello lles expropie ou permute e que así se poida unir o Paseo do Miño co do Rato. Antonio Ameijide indicou que ata en dúas ocasións (4 de xuño de 2018 e 21 agosto de 2020) os veciños rexistraron senllas peticións solicitando que se lles comprasen os terreos para completar esta operación.

“Nós xa nos reunimos cos afectados

e nos trasladaron o seu interese en vender os terreos que se necesitan para completar este anel. Así llo levan manifestando, en reiteradas ocasións, ao goberno local sen que se lles dea ningún tipo de resposta”. Por este motivo, os populares bríndanse a intermediar nesta negociación xa que os afectados teñen en propiedade o 80% dos terreos que se necesitarían e o outro 20% do terreo desta franxa é patrimonio, na súa gran maioría, da CHMS e do Ministerio, ambas administracións gobernadas

por administracións socialistas polo que non debería haber problemas nesta operación”, concluíu.

“Nós o que reclamamos é a adquisición de aproximadamente 39.829 metros cadrados que, na actualidade, presentan un estado selvático para unir os paseos do Rato e do Miño, en lugar do mini proxecto que figura na memoria de Evislusa”.

Sinalan os populares, é preciso ampliar a zona verde coa adquisición dos terreos necesarios para completar e unir o paseo do Miño e o Rato.

Aprobada a cesión da rúa Fermín Rivera ao Concello

O Pleno aprobou a cesión da vía provincial LU-P-2911, denominada Fermín Rivera, respondendo así a unha solicitude municipal. Esta estrada ten 730 metros de lonxitude e parte da intersección coa estrada vella de Santiago, da Ponte Vella, e remata nas proximidades da igrexa de San Lázaro.

O motivo da cesión radica en que permitirá unha xestión máis áxil para o mantemento dos servizos que alberga e para a ordenación do tráfico rodado e peonil, ao tratarse dunha vía que transcorre por un

treito urbano, con puntos de interese como o Club Fluvial ou a igrexa, que pola súa actividade atraen un importante volume de tráfico.

O estado da estrada é bo, presentando un firme asfaltado en boas condicións e contando con beirarrúas na marxe dereita e cun tramo que tamén as ten na marxe esquerda. Así mesmo, a vía conecta con estradas municipais, tanto no extremo que linda coa estrada vella de Santiago coma no extremo que continúa pola estrada de Orbazai cara a ponte sobre o río Mera.



CALDAS DO MIÑO. Comezaron os traballos de construción das Caldas do Miño, o novo equipamento de uso público e gratuíto que o executivo municipal impulsa a carón do leito fluvial, como recurso cultural, de recreo e turístico da cidade. O equipamento situarase nunha extensión de case 400 m² dentro dunha parcela de 84.000 m² situada ao carón do Pazo de Feiras, na avenida Fábrica da Luz, e a altura do Club Fluvial.

Porque una buena web empieza... por lo que no se ve

PARALELO43

Si te planteas tener una web, cambiar la que tienes, mejorarla... llámanos 607 963 291 porque un buen funcionamiento empieza por dentro

A Residencia gañará 85 prazas de aparcamento co carril bici

O equipo de Goberno do Concello de Lugo mantivo unha reunión cos veciños do barrio da Residencia para explicarlles as alternativas ao proxecto do Carril Bici nesta parte da capital. Defendeu o proxecto asegurando que o “trazado e características non son froito da improvisación, senón dun estudo exhaustivo da cidade no que primou a seguridade tanto das e dos ciclistas como a dos peóns para determinar que zonas contarán con carrís segregados e cales con vías de coexistencia de tráfico”, sostivo Méndez. Indicou tamén que “logo de avaliar xunto ao persoal municipal a configuración urbanística da zona, achegamos unha proposta que consistiría en facer unha serie de pequenos cambios co repintado da sinalización na Avenida Breogán, o que permitiría xerar 192 prazas onde actualmente hai 144, ás que cómpre engadir as 14 que xa se habilitaron na rúa Pomar, as 16 do novo parking en Alcalde Francisco Lamas e outras 7 na rúa da Saúde, até un total de 85 – resumiu – a parte de estudar as que poderán construírse posteriormente coa urbanización do Centro Integral de Saúde”:

Méndez anunciou que, entre as modificacións que experimentaría a circulación na contorna, destaca a supresión dun carril de baixada, en dirección á N VI, dende a rúa Alcalde Francisco Lamas até a rúa Orquídea para permitir que se habiliten novos estacionamentos en espiga nas marxes da vía. Igualmente e, co mesmo obxectivo, dende Xoan Carballal e até a rúa do Concello procedería a suprimirse un carril en cada sentido de circulación mentres que dende este punto e até a entrada do CEIP Menéndez Pelayo, manteríanse os dous carrís da esquerda e anularíase un da dereita. “Falamos dun tramo de 535 metros nos que, logo da reestruturación, habería 48 prazas de aparcamento máis para que a veciñanza das inmediacións poida deixar alí os seus vehículos. Sabemos que a creación do Carril Bici obrigará a un cambio de hábitos a algúns veciños e veciñas xa non poderán deixar o seu coche onde o facían agora exactamente mais garantimos a existencia de dotacións para que poidan facelo nas proximidades, xa que, en total, en todo a Residencia só se perden 35 prazas”, puntualizou a rexedora.

Anuncian a reapertura da Ronda tralas obras de humanización

O Tenente Alcalde, Rubén Arroxo, anunciou que antes do 7 de novembro quedaría aberto ao tráfico o tramo da Ronda da Muralla no que se fixeron obras de humanización, trala apertura paulatina doutras zonas. Ademais de rematar cos traballos na propia ronda, tamén se fixo a aplicación dunha nova capa de rodadura na rúa Cidade de Viveiro. Os últimos traballos realizados consistiron no levantamento das arquetas e o pintado da nova sinalización horizontal. Así mesmo, o persoal técnico municipal e da empresa concesionaria do transporte público desprazáronse á rúa Cidade de Viveiro para realizar novas probas de manobrabilidade do bus urbano. Desde a área de Mobilidade búscase garantir a mellora accesibilidade tanto para as persoas como para os vehículos nos novos itinerarios do centro da cidade resultantes da obra de humanización da Ronda da Muralla, na zona sur. Así mesmo, quedou aberta ao tráfico a rúa Santiago no treito entre o pavillón polideportivo e a Porta de Santiago, en sentido ascendente. Alexandre Penas explicou que “debido ás obras de humanización da Ronda fíxose necesario cortar este treito para realizar unha serie de traballos na propia vía”.



Estado no que queda a zona trala súa remodelación

LUMINARIAS. Arroxo explicou que “vense de colocar o novo alumeadado na zona, e unha vez que entre en funcionamento mellorará a percepción visual da Muralla”. Nos últimos días instaláronse 9 novas luminarias LED tipo RGB, que permitirán adaptar a intensidade lumínica ás distintas horas e á luminosidade do día. O alumeadado permitirá variar a luminosidade do monumento segundo a hora do día, mostrando luces de tonalidade cálida na noite e luz fría durante as mañás. “Ademais, continuamos a avanzar na implantación do alumeadado

LED cun baixo consumo enerxético, para reducir a factura da luz e as emisións contaminantes”, lembrou Rubén Arroxo. Desde a área de Mobilidade e Infraestruturas agárdase que durante esta semana se recupere a normalidade do tráfico da zona, ao estarse rematando xa os traballos de pavimentación do novo vial para os vehículos. Arroxo lembrou que “nos vindeiros días reabrírase a circulación do tráfico neste treito, e a veciñanza poderá desfrutar dun novo treito da Ronda completamente renovado”.

Unha aposta polas zonas multiecolóxicas

Lugo contará cunha zona verde moderna na zona do edificio do Impulso Verde, que tamén urbanizará o xardín da súa contorna

Lugo contará próximamente con máis de 12.610 m² de novas zonas verdes que, repartidos en tres parcelas ofrecerán un innovador espazo axardinado, nas inmediacións do Barrio Multiecolóxico que se proxecta na Garaballa ao abeiro do programa Life Lugo + Biodinámico. A iniciativa contempla a utilización de tres parcelas próximas ao centro comercial de as Termas que foron escollidas polo confort climático que ofrecerán á cidadanía tendo en conta as precipitacións e temperaturas medias que se rexistran neste enclave, así como a viabilidade das especies vexetais que se plantarán. Trátase de superficies sen elementos naturais nin construcións que lles proxecten sombra, cunha pendente inferior ao 8%, unha dirección de inclinación propicia para a súa drenaxe e, cunha textura de chan que non presentará problemas de anegamento, con niveis axeitados de metais pesados e sales, alén de ricas en materia orgánica o que suporá outra vantaxe para o desenvolvemento vexetal. A Parcela 1, lindeira coa avenida Infanta Elena e co Edificio Impulso

Verde é a de maior visibilidade e tamaño (5.398'31 m²). Contará con hortos cidadáns, terapéuticos e para maiores e incorpora tamén hoteis de insectos para incrementar a biodiversidade. Estes terreos albergarán, asemade, xardíns de choiva naturais e artificiais que, se ben no primeiro caso, aproveitarán a escorrentía para dar lugar a espazos delimitados para o crecemento de plantas tolerantes ao anegamento, no segundo prepararanse para recoller a auga da choiva nas cubertas dos edificios. A Parcela 2, sita entre a confluencia da avenida Infanta Elena co supermercado Lidl (1.940'57 m²), goza dunha alta visibilidade o que a fai apta para a creación de hortos cidadáns e cultivos verticais de amoredos. E, por último, a Parcela 3, ubicada xunto á Escola Infantil Galiña Azul (5.271'26 m²), se destinará ás crianzas como usuarios principais polo que contará con hortos escolares, familiares e didácticos. Empregaranse para iso macizos e tapizantes – estes últimos cun efecto similar ao do céspede, pero cun nivel



de mantemento máis baixo – na busca de pluralidade na cor, na textura e nos aromas e tamén plantas de uso medicinal ou atraentes de polinizadores, así como outras perennes que acheguen cor durante o inverno. Para o arboredo propóñense froiteiros comestibles e de cortiza vistosa como delimitadores de espazo e xeradores de sombra, e as pérgolas cubriranse con trepadoras que ofrezan resguardo e unha floración vistosa. A selección de especies vexetais se levou a cabo en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela seguindo criterios de

tolerancia ás condicións do chan, a adaptación ao clima e o interese paisaxístico. Zonas axardinadas con especies aromáticas, arbustivas, tapizantes e herbáceas, baseada en diversas características de interese paisaxístico como a súa forma, textura, cor, fragancia, que atraian polinizadores, etc... Zonas estanciais para facilitar o descanso, e de mesas de picnic – tamén infantís – e randeiras de dúas prazas. Instalaranse así mesmo papeleiras e fontes de auga de fundición así como letreros informativos que in-

diquen o tipo de horto ou permitan ubicarse con maior facilidade dentro do recinto. Á súa vez, todas as parcelas contarán con zonas intersticiais, espazos libres entre as áreas que servirán para a circulación peonil e o desenvolvemento das actividades asociadas ao cultivo. A actuación terá un prazo de execución de cinco meses e suporá un investimento de 773.662 euros. As tres áreas contarán con redes xerais de rego e de drenaxe e tubaxes de reparto de auga con cadansúa chave de peche en todos os bancos.

IMPULSO VERDE. A parcela exterior do Impulso Verde será acondicionada como un espazo aberto para a cidadanía e de encontro e divulgación das distintas accións do LIFE Lugo + Biodinámico. A urbanización desenvolverase con solucións sostibles de deseño urbano tanto nas zonas verdes como nas peonís e de estacionamento, así como na área de carril bici e no concepto de humanización da contorna, coa instalación de mobiliario urbano e a colocación de iluminación e sinalización LED.

Os comerciantes da Praza regresaron aos seus postos

Os comerciantes da Praza de Abastos regresaron aos seus postos, logo da última remodelación que tivo lugar nas instalacións municipais. Os praeiros trasladaron boas sensacións polas obras acometidas e falan dalgunhas deficiencias na organización deste primeiro día da asignación de postos. Nestas obras de mellora leváronse a cabo traballos en materia de accesibilidade como a instalación dun novo ascensor e favoreceuse a comunicación entre pisos cunha rampla, ademais de adaptar o espazo para o mercado de martes e venres así como para outro tipo de eventos. A intervención, que se programou inicialmente ao abeiro do Plan Urban, supuxo, en total, un investimento público de arredor aos dous millóns de euros. Entre as obras realizadas figura o cambio da cuberta do edificio, a modificación da entrada á planta semi-soto e da fachada, o aproveitamento da superficie comercial, cunha nova distribución dos usos así como diversas melloras na eficiencia enerxética e na xestión de residuos.

A CARQUEIXA. O tenente alcalde, Rubén Arroxo e a concelleira de Participación, Cristina López, participaron no acto organizado pola cooperativa A Carqueixa para inaugurar o seu novo posto na praza de Abastos, a nova carnicería O sabor dos Ancares, que se situará no posto 25 da praza. Cristina López agradeceu ás integrantes da Carqueixa “que se interesaran pola Praza de Abastos de Lugo para dar un paso máis no seu proxecto” e destacou o proxecto desta cooperativa “como unha alternativa para fixar poboación no rural galego e achegar produtos de primeira calidade”. A actividade contou coa presenza da vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro e coa deputada de Medio Rural, Mónica Freire, que destacaron o papel da Carqueixa coa conservación do rural galego. O obxectivo da área de Participación é chegar a ter a totalidade dos postos da Praza e do Mercado ocupados e con funcionamento. Cristina López explicou que “estas instalacións están pensadas para atopar

produtos de primeira calidade, no que as persoas reciben a atención persoal das distintas profesionais de cada posto”. A edil de Participación destacou as distintas accións que se están a levar a cabo para promocionar a Praza e o Mercado Municipal, como as campañas postas en marcha para promocionar as instalacións e os seus produtos e a reforma do soto.

A cooperativa A Carqueixa conta na actualidade con 200 socios. O proxecto baséase no compromiso coa calidade, tendo toda a carne producida o selo de Ternera Galega Suprema, con moitas das explotacións adicándose á trashumancia, alimentando aos animais de xeito totalmente natural, e ao aire libre, co que colaboran co mantemento dos montes limpos, o que reduce o risco de incendios. Ademais, a actividade contribúe a fixar poboación no rural e ao crecemento económico sostible da zona. O seu proxecto de venta online vén de facela gañadora do premio Aresa de desenvolvemento rural.



Arriba, inauguración do posto A Carqueixa, e abaixo, a reapertura da praza

Renovan o mobiliario urbano na praza Anxo Fernández Gómez

A Brigada Municipal de Obras realizou traballos de mantemento e renovación no mobiliario urbano na praza Anxo Fernández Gómez. O concelleiro de Infraestruturas explicou que “trátase de accións simples que se poden realizar en pouco tempo e que melloran enormemente a imaxe da cidade”. “A brigada realiza unha importante labor de reparación nas distintas infraestruturas do concello e no mantemento da cidade”, explicou

Alexandre Penas. Coa brigada, o concello de Lugo e a concellería de Infraestruturas urbanas traballan para garantir as boas condicións de distintos servizos públicos e melloran a calidade de vida e o benestar da veciñanza. “É importante lembrar a importancia da brigada de obras, que permite facer moitas actuacións sen grandes gastos que melloran a calidade de vida das veciñas e veciños”, declarou. Alexandre Penas.

Cidadáns reclama un plan de mellora da contorna da N-VI

A voceira municipal de Cs, Olga Louzao, instou ao Goberno local a elaborar un plan integral para mellorar a seguridade e a calidade de vida dos veciños que residen na contorna da N-VI na zona norte do municipio. “Os núcleos de Mil-leirós, Pacios a Tolda de Meilán, Tirimol ou Bocamaos, así como os veciños e veciñas dos camiños de Tronzo e Rozanova sofren unha importante falta de seguridade viaria no seu día a día. Actos rutinarios como deixar o lixo nos colectores, coller o bus ou cruzar a vía supoñen un problema pola falta de or-

ganización do espazo urbano na contorna da N-VI. Por todo isto solicitamos ao grupo de Goberno que planifique unha actuación global encamiñada a mellorar a seguridade viaria en este tramo de case un quilómetro na saída norte da cidade, desde a rotonda que conecta coa avenida Benigno Rivera ata o desvío da estrada LU-234”, sinalou a edila da formación laranxa. “É necesario establecer un contacto directo co Ministerio de Fomento para levar a cabo esta tarefa, por iso urximos a este Goberno a que realice esta xestión”, di.

Novos espazos peonís na zona da Ponte Romana



Anunciaron unha nova actuación de rexeneración e recuperación dos traxectos e espazos que van desde a Ponte Romana ata a rúa Santiago.

O ámbito de intervención abarca a explanada diante da Ponte Romana, a rúa Calzada da Ponte, o acceso desde o enlace da Volta da Viña coa N-VI e os ramais de San Lázaro e de acceso á N-VI, así como o viario cara o Balneario, aínda que non se chegará ata as termas porque Patrimonio non o autorizou. Actuarase nun total de 640 metros de lonxitude, que coinciden, en gran parte, cos do Camiño Primitivo e a Vía Romana XIX.

O deseño está proxectado para ser totalmente respectuoso co patrimonio e para xerar un mínimo impacto visual e ambiental. Coa peonalización reducirase o paso de vehículos por este itinerario, reducindo os niveis de contaminación

medioambiental e acústica, o que axudará tamén a poñer en valor a riqueza natural e do patrimonio romano e medieval que atesoura esta zona, ao tempo que o estacionamento dos residentes está garantido porque tamén se deixan prazas para as vivendas que non dispoñen de garaxe e, polo tanto, de vao.

Entre as accións a realizar figura o soterramento daqueles servizos que estean aéreos; a reparación da rede de saneamento existente, a demolición de pavimentos na totalidade do ámbito de actuación, que serán substituídos por outros máis adecuados para o tráfico peonil e a mellora dos dous pasos inferiores que se rexenerarán visualmente para darlle un aspecto máis respectuoso ao ser Camiño Primitivo, ademais de proceder a dotalos de maior luz, seguindo criterios de eficiencia enerxética e de xénero.

Análise da avenida da Coruña para diminuír o seu tráfico e impacto ecolóxico

O Concello vén de impulsar a análise do comportamento da mobilidade urbana da cidade para coñecer o seu impacto ecolóxico e melloralo, no marco do proxecto de municipio sostible.

Instalouse un equipamento tecnolóxico na avenida da Coruña, “unha localización escollida por ser esta unha das principais arterias interiores da cidade con maior fluxo de circulación”, subliñaron. O custo total dos traballos, que no seu conxunto terán unha duración dun mes, é de 17.250 euros.

A actuación consistirá na colocación de varios puntos de control ao longo da vía, mediante 5 sensores Bluetooth e 7 cámaras de gravación de intelixencia artificial que dispoñen dunha caixa de batería interna, polo que non resulta necesario conectalas a ningunha rede de alimentación. O obxectivo é, aproveitando o desdoblamento da avenida Duquesa de Lugo e a súa continuidade nunha próxima segunda fase, que Infanta Elena poida absorber parte do tránsito que actualmente soporta a avenida da Coruña, para facer desta unha zona máis confortable e habitable para toda a cidadanía e que contribúa a dinamizar ao pequeno comercio.



O PP propón unha diminución do IBI para familias e negocios

Os populares solicitaron a convocatoria da Mesa de Ordenanzas para consensuar medidas que alixeren a carga fiscal aos cidadáns, autónomos e empresas e “tenden a man á alcaldesa para que o PSOE se sume a “un pacto común para impulsar propostas fiscais que contribúan á recuperación da economía local”.

Entre as principais medidas que propoñan os populares para modificar as ordenanzas fiscais e, deste xeito, alixerar a carga fiscal dos lucenses para o ano 2022 destaca a petición de “baixar o coeficiente do IBI urbano e pasalo do 0,67 ao 0,60”.

Os populares fan esta proposta tra-la publicación dun estudo realizado pola Organización de Consumidores e Usuarios (OCU) no que se confirma que Lugo “está a cabeza das capitais galegas neste imposto e que ten o coeficiente do tipo de gravamen do IBI urbano máis alto de todas as capitais galegas ao situarse en no 0,67 fronte ao 0,64 de Pontevedra; o 0,60 de A Coruña; e o 0,45 de Ourense.

“Non lle imos pedir ao goberno local que se iguale á media do coeficiente das grandes cidades, que se sitúa no 0,56, para calcular o IBI porque sería moi lesivo para as arcas municipais e somos conscientes que hai que asegurar os ingresos suficientes para garantir a prestación dos servizos públicos” engadindo que “o que non podemos seguir permitindo é que un lucense non teña que pagar un IBI máis elevado que noutra capital simplemente polo feito de vivir en Lugo. Por eso pedimos deixala en 0,60 rebaixando un 10% do establecido”.

O PP tamén propón activar un programa de pago “fácil” para fraccionar o IBI, IAE, Taxas de lixo e Imposto de Vehículos. “A idea deste Plan 10 é que cada cidadán poda elixir a fórmula que lle convén para facer fronte ás súas obrigas fiscais”.

RECIBOS DA AUGA. Segundo explica o Partido Popular de Lugo, un total de 240 lucenses reclamaron a través da Comisión de Queixas e Suxerencias a devolución “do que o concello de Lugo cobroulles de máis no recibo da auga”. Os populares lembran que esta situación, que afecta por centos de veciños, débese ao mal funcionamento do servizo municipal que se encarga de ler os contadores e “que estivo en cadro como consecuencia do desmantelamento ao que o sometieron os gobernos socialistas”.

Debido a isto reclaman que o Concello “por propia iniciativa” leve a cabo unha auditoría de todas as facturas emitidas de forma errónea co fin de devolver o cobrado de forma indebida durante varios meses.

O grupo do BNG reúnese para comezar cos orzamentos 2022

O Grupo Municipal do BNG no Concello de Lugo vén de manter unha xuntanza para comezar a planificación dos orzamentos do 2022. Arroxo explicou que “no vindeiro ano continuaremos a traballar nas liñas que comezamos desde a nosa chegada ao goberno, mellorando a cidade con proxectos que continúen a transformar Lugo e facela unha cidade referencial nas distintas áreas nas que temos responsabilidades”.

A área de Mobilidade e Infraestruturas, dirixida polo Tenente Alcalde e con Alexandre Penas ao cargo da concellería de Infraestruturas Urbanas avanzará na mellora dos espazos públicos. “Continuaremos co mantemento das zonas urbanas e periurbanas da cidade, entre o que se atopan cuestións importantes para a veciñanza como as reparacións das rúas e proxectos de máis peso para a transformación da cidade como avanzar na peonización da Ronda da Muralla e gañar espazos peonís nos distintos barrios”, explicou Arroxo.

A área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, da que é responsable Maite Ferreiro continuará a facer unha programación cultural de calidade, continuando con actividades



Reunión do grupo do BNG sobre orzamentos

culturais continuadas durante todo o ano e dando peso a todo o tecido cultural e asociativo de Lugo. Rubén Arroxo afirmou que “no 2022 continuaremos a achegar a Lugo propostas culturais de calidade demostrada con premios a nivel galego, estatal e internacional”.

No tocante á concellería de Educación e Difusión do Coñecemento, dirixida por Felipe Rivas, desde a Tenencia de Alcaldía márcase como obxectivo manter o bo ritmo de traballo en cuestións como as axudas para libros de texto e material escolar, “unha axuda que anualmente permite a moitas familias que as súas fillas e fillos poidan ter

o material necesario para asistir ao colexio, independentemente do seu nivel adquisitivo”. A concellería de Educación poñerá en marcha novas iniciativas continuando co traballo iniciado nos últimos meses.

A área de Participación e Servizos para a Veciñanza, dirixida por Cristina López, continuará a traballar na praza de Abastos e no Mercado Municipal, “dous espazos históricos da cidade que contan xa cun entorno completamente renovado”, lembrou Rubén Arroxo, que anunciou que “no vindeiro ano agardamos poñer en marcha un espazo no Cemiterio Municipal para que as veciñas e veciños poidan levar as súas mascotas”.

O Pleno aproba a Conta Xeral de 2020

O Concello aprobou nun Pleno Extraordinario a Conta Xeral de 2020. Un exercicio marcado pola covid que tamén deixou a súa pegada no balance municipal.

A concelleira nomeou algúns dos tributos máis cuantiosos para as arcas municipais como foron o IBI (22.015.869 €) ou o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (5.803.644 €) que supoñen o 27’51% e o 7’25%, respectivamente, da cantidade total que obtén a Administración cada anualidade.

“Sen embargo, a necesidade de pechar as instalacións públicas durante varios meses e as limitacións de aforo posteriores ocasionaron, por exemplo, que os cobros de prezos públicos nas Escolas e dotacións deportivas da capital ou na Escola Municipal de Música decaesen dos 346.187 € e 67.145 € obtidos, respectivamente, en 2019 aos 192.572 € e 59.429 euros que se recadaron o pasado ano”, lembrou a edil.

“Tamén a taxa pola apertura de establecementos dá boa conta da baixa nos niveis de investimento en Lugo, onde pasamos de 161.185 € (2019) a

105.171 € (2020) e mesmo impostos como o ICIO evidencian que o volume de obras e reformas na construción tamén se resentiu xa que dunha liquidación de 1.846.923 euros en 2019 pasamos á metade, 935.330 € en 2020 (un 49’36% menos)”.

A pesar desta realidade e, “co obxectivo de dotar de liquidez ao empresario pero tamén ás e aos contribuíntes e promotores, o Goberno de Lara Méndez habilitou unha serie de medidas que están a ter efectos sobre as arcas municipais. É o caso do adiamento do pago dalgúns dos gravames, como este do ICIO, pero tamén a exención total, por exemplo, das taxas de ocupación da vía pública por terrazas e caldeiros do polvo, ou mesmo a taxa de mercados polas que o Concello obtivo o pasado ano cero euros. Noutros casos, a cancelación de eventos culturais ou festivais implicou unha nula recadación por conceptos como a taxa por festas na rúa, a ocupación con casetas, etc...”

“Un contexto que afectou á baixa ao capítulo de ingresos pero que, en ningún caso, compromete a solvencia da Institución que, en 2020,

abonou preto de 9.000 facturas a empresas e autónomos locais por importe de 53’7 millóns de euros”, subliñou Alvarellos Fondo.

Ademais, a responsable da área económica recordou que a área de Tesourería abonou no pasado exercicio económico o 96’67% das obrigas contraídas pola Institución, un concepto que aglutina o pago aos provedores pero, tamén, ás persoas beneficiarias das diferentes axudas e subvencións municipais que se convocaron, entre outras moitas partidas.

A concelleira destacou a saúde económica da que goza a Administración local contribuíu a rebaixar, alén, o período medio de pago até os 8’2 días, por debaixo dun terzo do prazo legal pero o resto dos indicadores económicos que resumen as contas son tamén moi positivos, como o feito de manter a débeda financeira a cero, que a liquidez inmediata sexa do 253’45% ou a solvencia a curto prazo do 527’46%.

“É dicir, en 2020 atendemos ao urxente, ao prioritario, sen descoidar as obrigas ordinarias”, dixo.

MAESTRO IMAN

CHAMÁN AFRICANO

★ ALTA EXPERIENCIA ★

Puede resolver todo tipo de problemas.
Especialista de vida Amorosa,
Recuperación de pareja,
Impotencia Sexual, Familiares,
Mal de Ojo, Hechizos...

SU TRABAJO ES SERIO 100% Garantizado y Rápido

651 44 11 86

O centro de fauna do Veral contará cun novo edificio

Adxudicadas as obras de reforma do Centro de recuperación de fauna silvestre (CRF) do Veral por un importe de 477.500 euros, cos que se vai acometer unha renovación completa das actuais instalacións, incluíndo a construción dun novo edificio.

O proxecto recolle a demolición de varias edificacións e a reordenación das dotacións, de forma que se mellora a conexión entre dependencias e a eficiencia no traballo. En concreto, derrubaranse a caseta da actual oficina e as instalacións destinadas a azoreiras e mudas, e integraranse cos novos espazos a zona de especies acuáticas con estanque, unha cámara de voo que permanece illada, tres cámaras de voo mais pequenas que se reformarán para incorporalas á edificación principal e un edificio illado destinado actualmente a cociña e almacén, que se manterá como zona de baldeo.

O centro do Veral, que xestiona a Consellería, ten como fin o coidado e restablecemento dos exemplares de fauna silvestre autóctona que no estean en condicións de subsistir por si sós no medio natural. A priorida-



Visita ao centro de fauna do Veral

de é devolver a estes animais ao seu hábitat ou, cando non sexa posible, integralos en programas de conservación ex situ ou de educación ambiental. É o único en Galicia que dispón de instalacións axeitadas para a recuperación de osos e acolle unha das primeiras piscifactorías que se construíron en España.

NOVA EDIFICACIÓN. O edificio principal estruturárase en dous módulos; un administrativo, no que se realizará a recepción dos animais, o tratamento e a atención veterinaria; e outro para a recuperación ini-

cial dos exemplares e os servizos de atención. Este último distribuirase nunha cámara para mamíferos, unha cámara de voo, seis azoreiras, tres salas de mudas, tres estancias para nocturnas, un almacén, unha sala para necropsias e as tres cámaras de voo xa existentes, que se conservan parcialmente.

Ademais, o futuro centro contará cun túnel de voo —unha zona libre para voar, valada en todo o seu perímetro e cuberta con malla metálica— para facilitar que as aves recuperadas poidan practicar antes de devolvelas ao medio natural.

Comeza o pago dos anticipos da PAC

A Xunta, a través do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), comezou a facer efectivo o pagamento do anticipo das axudas directas da PAC correspondentes á campaña 2021-2022. En total, serán 36.940.043 euros que beneficiarán uns 15.000 agricultores e gandeiros galegos. Estes importes corresponden ás liñas de vacas nutrices e de vacún de leite. Ademais, no vindeiro mes de decembro prevese realizar por parte do Fogga un novo pago de axudas directas, por valor de máis de 106 millóns de euros, así como o pago de desenvolvemento rural correspondente a zonas con limitacións naturais, por importe de 17,2 millóns de euros. Estes pagos beneficiarán, en conxunto, a máis de 25.000 agricultores e gandeiros da nosa comunidade. Desta forma, un ano máis Galicia estará entre as primeiras comunidades que pagarán anticipos das axudas da PAC. Así, o Fogga realizará o pago de anticipos tras a realización das comprobacións e dos controis obrigatórios sobre o terreo. Este organismo pagador, adscrito á Consellería do Medio Rural, efectuará o pago do 70% da axuda, o máximo establecido pola Comisión Europea.



A parroquia de Piugos

Acondicionan unha vía municipal en Piugos

Deron comezo as obras de acondicionamento dunha estrada municipal na parroquia de Piugos, no núcleo de As Tabernas. Estas tarefas consisten na reposición do firme con aglomerado en quente, a limpeza de cunetas para facilitar a circulación das augas e a adaptación dos rexistros existentes á nova rasante do camiño.

A maiores destas obras, tamén se melloraron unha estrada municipal en Tirimol, no núcleo de Seivane, e dúas estradas mu-

nicipais en Pías, que parten da intersección da Estrada Provincial LU-P-3907 e discorren polos núcleos de Fafián e O Corral de Abaixo.

Todas estas obras, que contan cun orzamento de 72.794,49 euros, achegados a través das baixas obtidas nas licitacións das actuacións realizadas co cargo ao Plan Único do ano 2020, realízanse para mellorar a seguridade viaria e dar resposta ás peticións que realizou a veciñanza destas parroquias.

Rematan as obras dunha das vías municipais en Bascuas

Remataron as obras de mantemento e mellora dunha vía municipal na parroquia de Bascuas. A maiores, e con este mesmo financiamento, tamén están previstas actuacións no Burgo e Galegos, os cales dan acceso a parcelas agrícolas, naves gandeiras e núcleos de poboación. Estas actuacións enmárcanse no Programa de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal financiado por Agader a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e contan cun orzamento de adxudicación de 72.956,95 euros.

A actuación no vial de Bascuas ten unha lonxitude total de 1.174 metros e divídese en tres tramos en función da súa anchura: primeiro tramo do PK 0+000 ao 0+120 con anchura media de 6 metros, segundo tramo do PK 0+120 ao

0+760 con anchura media de 4 metros e terceiro tramo do PK 0+760 ao 1+174 con anchura media de 3 metros.

A capa de rodadura da vía, que estaba formada por regos asfálticos, consistiu na execución da limpeza do firme existente e as marxes e a extensión dunha capa de rodadura de 5 cm de espesor de formigón asfáltico tipo AC 16 surf 50/70 D (D-12), previa extensión dunha rega de adherencia con emulsión ECR-2, cunha dotación de 1 kg/ m². Tamén se realizaron previamente bacheos puntuais nas zonas máis deterioradas e unha regularización do pavimento mediante o estendido de 1 cm de formigón asfáltico tipo AC 16 surf 50/70 D (D-12) entre os PKs 0+300 ao 0+500 na súa marxe dereita.

Constituído o comité técnico que se encargará das vindeiras edicións de ExpoLugo A Rural



Presentación do novo comité técnico

A mostra ExpoLugo A Rural concluíu coa constitución dun comité técnico que se encargará do asesoramento de cara á organización das próximas citas. A posta en valor da produción agrogandeira da provincia de Lugo manterase como prioridade da mostra que reforzará as actividades dirixidas á promoción e exaltación da calidade dos produtos e á formación no ámbito da profesionalización dos sectores produtivos.

O grupo de traballo, que se reunirá de forma periódica, estará presidido polo veterinario Jesús Cantalapiedra e integraranlo representantes das asociacións agrogandeiras que veñen participando na feira —a Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega (Acruga), a Asociación de Criadores de Porco Celta (Asoporcel), a Asociación de Criadores de Cabalo de Pura Raza Galega (Puraga) e a Federación Galega de Razas Autóctonas (Boaga)—, os presidentes do Colexio Oficial de Enxeñeiros Téc-

nicos Agrícolas de Lugo e do Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo, ademais de persoal técnico da área de Medio Rural da Deputación de Lugo e da delegación territorial da Xunta da xerencia do Pazo de Feiras.

As persoas participantes na reunión foron Iván Rodríguez, director técnico de Asoporcel, José Luis Guillán, veterinario e técnico de Puraga, Laura López, directora técnica de Acruga, Olga Iglesias, veterinaria e xefa da consellería de Medio Rural, Rubén Pérez, xerente da Fundación do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, José Luis Benedito, presidente do Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo, Jesús Cantalapiedra, veterinario da Xunta de Galiza, Carlos Rodríguez, enxeñeiro agrónomo e asesor rural na área de Medio Rural da Deputación de Lugo, Marcos Vázquez, presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo e Francisco José Monasterio, directivo de Boaga e presidente de Avimos.

DEPUTACIÓN

O Pleno acorda esixir á Xunta a realización das obras pendentes

A Deputación de Lugo esíxelle á Xunta de Galicia a dotación de fondos económicos e un plan de execución para os proxectos pendentes na provincia de Lugo. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de outubro tras unha proposta presentada polo Goberno provincial, que saíu adiante co apoio do PSdeG e o BNG, e cos votos en contra do PPdeG. En concreto, a institución provincial reclámalle ao Executivo autonómico que se acaden niveis de compromiso coa provincia e se fixen dotacións orzamentarias para os grandes proxectos pendentes na provincia de Lugo, con especial atención ás infraestruturas e aos servizos. Entre elas, exemplifican a Vía de Alta Capacidade da Mariña, as obras relacionadas co subministro de auga, o Porto Seco de Monforte, a Ronda Leste de Lugo ou o Cuartel de San Fernando, entre outros. Tamén os servizos públicos, como a recuperación de cadros de persoal e especialidades no conxunto da rede provincial do Sergas, o mantemento do profesorado en niveis similar aos do curso escolar 2020/2021 ou o desenvolvemento industrial.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, fixo fincapé en que a Xunta ten paralizados proxectos de

dúas categorías. “Están proxectos que van ano tras ano con partidas de similar contía pero que logo non se executan; e logo están os proxectos que nin figuran nas contas da Xunta, a maioría deles son reclamados polos Concellos pero que non aparecen. A lista sería interminable, pero basta con facer alusión ás necesidades que presentan os concellos para o abastecemento e depuración de augas ou nas comunicacións”, indicou.

García Porto mencionou que as contas autonómicas “deberían ser realizadas de abaixo cara a arriba, e non de arriba cara abaixo para responder ás necesidades dos concellos, escoitando aos Alcaldes e Alcaldesas”. Subliñou que “a proposta nace como reacción ante a soberbia e a ineficacia do Goberno da Xunta que non ten en conta as opinións da veciñanza, e da ineficacia duns orzamentos que xeran titulares de prensa pero que están baleiros de contido. Escoitamos que os orzamentos volven acadar cifras récord, o Goberno vai de récord en récord, pero ao final non se atraen empresas, non se crean prazas de escolas infantís, seguimos sen acceso a Internet de calidade e entre outras carencias, sen docentes dabondo

nos centros de ensino”, recalcou a Deputada.

SERVIZOS BANCARIOS. A sesión plenaria de outubro tamén sacou adiante unha proposta socialista -cos votos a favor do PSdeG e BNG e a abstención do PPdeG- para reclamarlle á Xunta de Galicia un plan de recuperación dos servizos bancarios na provincia de Lugo. Unha iniciativa que responde ao peche de oficinas que se suceden nas vilas e concellos galegos nos últimos doce anos, significando estes peches o 51% da rede bancaria que había.

García Porto indicou que nos últimos doce anos se perderon máis de 5.000 empregos en Galicia “ante a indiferenza e a falta de planificación económica dos sucesivos gobernos populares”. A Deputada evidenciou que máis de 7.000 veciños e veciñas da provincia carecen de acceso aos servizos bancarios no seu lugar de residencia, poñendo de exemplo os municipios de Negueira de Muíños, O Páramo, Ribeira de Piquín ou Samos, que carecen xa de oficina bancaria. “A Xunta contribúe ao desmantelamento dos servizos bancarios, porque con fondos públicos está subvencionando que as entidades instalen caixeiros nos concellos pe-



Membros do equipo de Goberno antes de entrar no Pleno

chando oficinas, sen garantir axeitada atención persoal á veciñanza”, dixo a voceira socialista do Goberno provincial.

Sinalou, así mesmo, que a proposta tamén inclúe a petición dun plan integral de telefonía móbil no rural que permita acceder aos servizos de banca electrónica e telemática, á vez que tamén insta a que se dote de financiamento aos concellos para que poidan desenvolver plans de formación dirixidos á terceira idade para fomentar o uso das tecnoloxías. “A día de hoxe as apostas por bancas telefónicas ou a través de internet non son as solucións máis acaídas para unha provincia rural como é a de Lugo. Temos unha cobertura móbil deficiente e unha poboación de idade avanzada que prefire os trámites presenciais. Por iso, a falta

de oficinas provoca que a veciñanza teña que buscar fórmulas de desprazamento con custes engadidos, que tamén dependen do estado de saúde das persoas”, salientou.

PLAN ÚNICO. O pleno tamén rexeitou a proposta popular para incrementar nun 25% o Plan Único no 2022 e que a Deputación amañe a estrada que constitúe o cinto comarcal de Lugo.

Castiñeira sinalou: “Chámonos moito a atención que alcaldes e alcaldesas como os de Pedrafita, Castroverde, Viveiro, Xermade, Ribeira de Piquín e Monforte votaran en contra de ampliar o Plan Único nun 25%, porque é bo para eles como alcaldes e é bo para os seus veciños, pero así é a dinámica do PSOE; dos alcaldes do BNG, pois o mesmo”.

135 asociacións reciben axudas para realizar as súas actividades

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo distribúe entre as entidades asociativas culturais da provincia un total de 201.000 euros co obxectivo de contribuír ao financiamento de distintas actividades culturais e facilitar o investimento na renovación e mellora de equipamentos e instalacións dos locais sociais. Un total de 135 asociacións de distintos puntos da provincia beneficianse desta convocatoria segundo se recolle na resolución provisional publicada no Boletín Oficial a Provincia.

No que atinxe á resolución das achegas para actividades de interese cultural, 89 colectivos de todas as comarcas poderán beneficiarse dunha partida global de 130.000 euros para desenvolver o seu traballo habitual ou ben financiar algunha cita concreta. Así, as asociacións solicitaron neste este 2021 axudas para a realización de xornadas culturais, mostras tradicionais, certames de distintas modalidades artísticas,

obradoiros de música tradicional, teatro, fotografía ou pintura, campamentos formativos, viaxes culturais, publicacións, exposicións, festivais, traballos audiovisuais, obradoiros cinematográficos, concertos ou celebración de festividades con aceno propio como o magosto ou as festas de xogos tradicionais.

Unha segunda liña de subvencións permitirá a 46 entidades mellorar as instalacións e equipamento dos locais sociais, distribuindo entre elas un montante total de 71.000 euros. A mellora substancial destes espazos reflectirase na compra de mobiliario, equipos e material de distinto tipo vinculado á realización de eventos. As subvencións oscilan entre os 300 e os 3.000 euros, en función dos baremos establecidos nas bases que, entre outros aspectos, priorizan as iniciativas das asociacións con maior traxectoria na dinamización cultural e as de concellos de menos de 2.000 habitantes.

A Deputación recibe a medalla de Concepción Arenal

A Deputación de Lugo recibiu este luns unha das medallas Concepción Arenal durante a inauguración das 35ª Xornadas Penitenciarias Lucenses, que se desenvolven no centro cultural do Vello Cárcere de Lugo baixo o título Novas adicións, novas formas delitivas. O encontro, organizado pola Asociación Penitenciaria Concepción Arenal, conta coa colaboración da institución provincial que, por unha banda, achega 23.900 euros e, por outra, emite as xornadas vía streaming a través da canle de YouTube do seu Servizo de Audiovisuais.

A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, foi a encargada de recoller a medalla coa que a Asociación Penitenciaria Concepción Arenal recoñece o apoio do SdeA na difusión do labor que desenvolve, especialmente das dúas últimas



edicións das Xornadas Penitenciarias. A emisión por streaming a cargo deste servizo provincial fixo posible o desenvolvemento do encontro do ano pasado, integramente online por mor da pandemia, e a deste ano, no que a conferencia inaugural é por videoconferencia e no que a metade dos inscritos participan vía online.

Ademais de García Porto, na inauguración das xornadas participaron a Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, a Subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, a presidenta da Asociación Penitenciaria Concepción Arenal, Elvira Fernández, e os directores dos centros penitenciarios de Monterroso, Antonio Rivera, e de Bonxe, José Manuel Pernás.

Investimentos viais na provincia

A Deputación renova varias estradas da comarca de Lugo cunha inversión superior aos 4 millóns de euros en 2021



Responsables da Deputación visitando varias das obras realizadas esta tempada. Á esquerda, na da estrada LU-P-1201, e, a dereita, na que une as vilas de Palas e Lugo (LU-P-2901)

A Deputación de Lugo achegou en 2021 a través de diferentes actuacións unha inversión superior aos 4 millóns de euros para actuacións de mellora e mantemento de estradas da comarca de Lugo, que integran os concellos de Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei, Portomarín e Rábade. Estes oito concellos contan con 133 quilómetros, dos máis de 4.200 da rede de estradas provinciais, que é a máis longa de toda España e tres veces maior que a da Administración autonómica en Lugo.

A institución provincial vén de investir máis de 460.000 euros en dous proxectos para renovar estradas da súa titularidade na comarca de Lugo. A esta achega engádense as accións financiadas a través do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 para a mellora de camiños, accesos a núcleos de poboación e o acondicionamento e humanización de vías de titularidade municipal nos concellos na comarca de Lugo, que ascende a 1,76M€. Con estes fondos levaranse a cabo 27 accións, como a mellora e acondicionamento de accesos a diversos núcleos de poboación, a pavimentación da rúa José Pardo Montenegro, en Rábade, ou a ampliación do alumeadado público en distintas zonas do concello de Outeiro de Rei.

A Deputación de Lugo tamén acomete obras de mellora e acondicionamento de vías, tanto provinciais, como municipais, con medios propios, a través dos equipos e os traballadores cos que conta no Parque Móbil. No que vai de ano realizáronse diversas actuacións na comarca de Lugo valoradas en preto de 40.000 euros, segundo os prezos de mercado.

Estes investimentos responden á prioridade do Presidente da Deputación, José Tomé Roca, de mellorar a mobilidade na provincia como un factor que contribúe ao equilibrio territorial e á calidade de vida da cidadanía. Así mesmo, o Plan Provincial de Conservación de Estradas, a través do que a Deputación inviste arredor de 600.000€ na comarca de Lugo, permite garantir a seguridade viaria nas vías da provincia con actuacións como a reparación puntual de fochancas ou a eliminación de xeo nas estradas e o estendido de sal, entre outras.

PROXECTOS ACOMETIDOS. A institución provincial inviste 377.082,74€ na estrada provincial LU-P-1201 para a mellora de 1,5 quilómetros da estrada que une os núcleos de Coto, no Corgo, e San Agustín, en Castroverde. Esta obra desdobra o ancho de estrada

entre o punto quilométrico 3,3 e o 4,8, pasando dos 4,5 metros aos 7. As melloras consisten no movemento de terras, a drenaxe transversal mediante a reposición das cunetas con tubos de formigón e a pavimentación con aglomerado en quente, e a sinalización horizontal e vertical.

A vía dá servizo a veciños e veciñas dos concellos de Baralla, O Corgo e Castroverde, comunicando sete parroquias deste último municipio, e resolve unha situación pendente dende o ano 2003, cando se expropiaron os terreos para acometer estas actuacións. Así mesmo, este proxecto inclúe outros elementos como a construción dunha nova ponte sobre o río Postigo á altura do quilómetro 10,3 da vía, cun marco prefabricado de 16,5 metros de lonxitude. Anteriormente, a institución provincial investiu 380.000€ para a mellora de máis de dous quiló-

metros desta mesma LU-P-1201, entre Souto de Torres e o polígono industrial de Castroverde.

Por outra banda, no Concello de Lugo, a institución provincial investiu preto de 85.000€ para a renovación de máis de dous quilómetros da LU-P-2901, que une Lugo con Palas de Rei. O proxecto inclúe actuacións entre o punto quilométrico 3,340 e 5,400 ao seu paso pola capital lucense, que dan continuidade aos 3,3 quilómetros arraxados anteriormente. O proceso comezou coa limpeza de cunetas e drenaxe para continuar co estendido de aglomerado en quente e a renovación da sinalización.

Estas obras acometidas pola Deputación de Lugo benefician directamente aos veciños e veciñas das parroquias de Xanaz, Castrelo, A Retorta, Poutomillos, Bacurín, San Pedro de Mera e Vilachá de Mera e, ao mesmo tempo, aos peregrinos e usuarios da autovía

Lugo-Santiago, xa que se trata da vía que dá acceso.

INFANTA ELENA. A Deputación inviste, no Concello de Lugo, 1.031.000€ para as obras de desdoblamento e humanización da Avenida Infanta Elena, no treito que vai do enlace desta vía coa Ronda Norte á glorieta 25-N. Esta actuación ten un prazo de execución dun ano e aumentará a seguridade viaria e a accesibilidade dos condutores, superando na actualidade os 8.400 vehículos diarios, e dos peóns.

As obras aumentarán a vía a 30 metros de ancho, tendo dous carrís de circulación sentido O Ceao e carril bici en ambos sentidos. Por outro lado, o carril esquerdo, en sentido centro da cidade, terá tres carrís de circulación. A vía contará tamén con beirarrúas iluminadas en ambas marxes con arboredo, bancos e papeleiras. Este proxecto completárase coa construción dunha rotonda en Paulo Fabio Máximo que permitirá suprimir os actuais semáforos.

A mellora desta vía, financiada pola institución provincial e impulsada polo Concello, que tamén aportou os terreos necesarios para acometer esta actuación urbanística, permitirá desconxestionar o tráfico de arterias como a Avenida da Coruña e porá en valor a contorna deste espazo.

Estas actuacións continúan demostrando que a mellora das comunicacións é unha das prioridades da Deputación de Lugo. Trátase dun factor fundamental para o equilibrio territorial e para o desenvolvemento do rural, porque axuda a fixar poboación e a achegar os servizos.



Supervisión dos traballos en Infanta Elena

Licitan as obras de saneamento en Roimil



Presentación das obras de licitación

A Xunta licita a través da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia as obras para dotar dunha rede de saneamento e depuración de augas residuais á parroquia de San Xiao de Roimil, no concello de Friol.

Así o anunciou o delegado territorial do Goberno galego, Javier Arias, quen explicou que os traballos saen a licitación por un orzamento próximo aos 253.000 euros (252.714 €) e as empresas interesadas teñen de prazo para presentar ofertas ata o vindeiro 2 de decembro.

A actuación servirá para achegar este servizo aos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira. As obras previstas céntranse na construción da rede de colectores necesarios para evacuar as augas residuais ata o sistema de depuración previsto, que estará formado por unha depuradora de oxidación total.

A rede de saneamento proposta consiste nunha condución prin-

cipal, dous colectores que verten ao principal e catro ramais secundarios, construídos en tubaxe de PVC. A rede complétase con 59 pozos de rexistro.

A infraestrutura proxectada por Augas de Galicia, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, beneficiará a 20 vivendas que reúnen unha poboación equivalente de 200 habitantes.

Arias lembrou que a intervención é froito dun convenio entre a Xunta e o Concello de Friol, polo que a Administración autonómica achega o 80% do orzamento e a entidade local o 20% restante.

As obras teñen un prazo de execución estimado de seis meses unha vez formalizado o contrato.

Augas de Galicia prevé realizar esta actuación no marco do Eixe REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE aos efectos ocasionados pola pandemia da covid-19.

Recuperan as clases de baile e ximnasia

O Concello volve organizar, como viña facendo dende hai anos, clases de baile latino e de salón para os veciños e veciñas que desexen anotarse. E tamén ximnasia de mantemento para todas as mulleres do municipio que estean interesadas.

Para as clases de baile poden apuntarse os veciños e veciñas que lles apeteza aprender a bailar, e aqueles que xa saiban pero queiran perfeccionar os seus pasos, ou incluso aqueles que queiran pasar a tarde/noite dos luns diferente e divertida.

Ás clases de ximnasia de mantemento poden apuntarse todas as veciñas do municipio que queiran facer algo de exercicio e divertirse nas tardes/noites dos martes e dos xoves.

Estas dúas actividades darán comezo na segunda quincena de outubro, e as inscricións poderán facerse a partir do martes día 5,



Clase de baile en Friol

nas oficinas do Concello de Friol ou a través do correo electrónico info@concellodefriol.es. As clases de baile realizaranse os luns en horario de 21:00 a 22:30 horas.

A ximnasia será os martes e os xoves en horario de 21:00 a 22:00 horas.

Ámbalas dúas actividades levaranse a cabo no pavillón de deportes

do Concello de Friol.

“Dende o Equipo de Goberno animamos a todas as persoas que o desexen, a participar en estas actividades, coas que se pretende que os habitantes do municipio estean activos e fagan exercicio, moi importante para a saúde física e mental” indica o alcalde popular Jose Ángel Santos.

Abre unha tenda dunha cadea internacional de ferraxería

A cadea de ferraxería, bricolaxe, fogar campo e xardín, El Sabio, volveu a elixir Galicia abrindo a súa cuarta tenda nesta comunidade para reforzar a súa presenza nacional e faino en Friol.

O alcalde da localidade, José A. Santos, felicita á familia Varela López por impulsar “este ambicioso proxecto que seguro será beneficioso para todo o municipio e en xeral para a provincia de Lugo, particularmente agradece á empresa que apostase por Friol para situar esta tenda

no seu polígono industrial”.

Con esta apertura, cun establecemento de 550 m2 situado no polígono industrial da Gándara, a tenda convértese na cuarta que a firma ten na comunidade galega e a número 13 da marca a nivel nacional.

Sera tamén a primeira na provincia de Lugo.

A apertura de O Sabio a Friol “contribúe a achegar dinamismo ao municipio, que ten no sector agroalimentario o seu gran motor económico”, indica o alcalde.

EN BREVE

OBRADOIRO. O salón de actos do Centro Sociocultural será o escenario elixido para acoller o obradoiro de primeiros auxilios. Esta xornada formativa ten como finalidade que os veciños adquiren os coñecementos básicos para o manexo de situacións de urxencia máis frecuentes. O programa promoverá que os cidadáns obteñan as nocións básicas para unha correcta actuación ante situacións de emerxencia que requiran primeiros auxilios. Este obradoiro está dirixido a pacientes, familiares de pacientes, coidadores e cidadáns en xeral que poden realizar a inscrición ata o vindeiro 19 de novembro. O horario da actividade é de 16.30 horas ata as 20.30 horas.

ITV. A unidade móbil da ITV está entre os días 19 de novembro e 9 de decembro en Friol para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Estará instalada no mercado gandeiro. As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas agás os venres, que será só en horario de mañá. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

TEATRO. O salón de actos do centro sociocultural acollerá este venres, 5 de novembro, a representación teatral *Estela do Día*, a cargo de Excéntricas. A sesión terá lugar ás 17.30 horas patrocinada polo Concello. É unha comedia divina, chea de cor, de música, de misterio e de humor.

O PP solicita a data de apertura do centro de día da residencia

O portavoz popular, Rubén Otero, insta ao alcalde, José María Arias, a concretar cando abrirá o centro de día da residencia de maiores e lamenta que permitira que o seu grupo no organismo provincial deixara sen aclarar, en resposta ao PP, este asunto no pasado pleno.

“Con frecuencia, tanto na vida, en xeral, como na política, en particular, hai que elixir entre lealdades, é dicir, hai que elixir quen ou que é prioritario para cada un”, di Otero.

“Arias non dubida en defender os intereses do goberno provincial, sinaladamente do seu presidente, e os do seu partido, en contra, cando é preciso, dos intereses do municipio do que é alcalde, o que é tanto como dicir en contra dos veciños de Castroverde”, así o sinala o portavoz municipal á vista de que Arias non fixo nada no pleno por aclarar cando se abrirá o centro de día da residencia.

rio para cada un”, di Otero.

“Arias non dubida en defender os intereses do goberno provincial, sinaladamente do seu presidente, e os do seu partido, en contra, cando é preciso, dos intereses do municipio do que é alcalde, o que é tanto como dicir en contra dos veciños de Castroverde”, así o sinala o portavoz municipal á vista de que Arias non fixo nada no pleno por aclarar cando se abrirá o centro de día da residencia.

Magosto o día 13 no Concello

O Concello de Castroverde organiza para o sábado 13 de novembro un magosto popular. Este acto dará comezo ás 20.00 horas na praza do Concello e contará espectáculos.

Ademais de desfrutar deste típico manxar de outono, poderase gozar n apartado musical co grupo Zuncurrundullo, que levarán á vila de Castroverde o seu espectáculo O Conxuro das meigas.

Máis tarde seguirá a música, malia nesta ocasión haberá unha amenización a cargo da Banda de gaitas.



portomarín

O alcalde presentou a súa renuncia

O alcalde de Portomarín, o popular Juan Serrano, presentou publicamente a súa renuncia como rexedor do Concello que goberna dende o 2011.

A renuncia do alcalde foi presentada o venres aínda que non se fixera pública ata hoxe, e Serrano xa anunciara que non se ía presentar ás vindeiras eleccións do 2023.

O tenente de alcalde, Pablo Rivas, asumirá o bastón de mando a quen a presidenta do PP provincial, Elena Candia, trasladou o seu agradecemento en nome de toda a formación. “Agradecemos a Rivas o seu compromiso con Portomarín como ten demostrado á fronte da tenencia de alcaldía” e trasládalle o apoio do Partido Popular da provincia de Lugo para seguir “traballando por Portomarín”.

Candia, trasladou en nome de todo o Partido Popular lucense que “a política son ciclos e dende o PP lucense respectamos a decisión persoal de Serrano de abandonar a alcaldía, tal e como tiña anunciado”.



O ex alcalde, Juan Serrano, xura o seu cargo como senador

SENADOR. O Grupo Popular vén de rexistrar no Parlamento de Galicia a proposta para a designación de Juan Carlos Serrano López como senador en representación da Comunidade autónoma, en substitución de Jesús Vázquez Abad, que recentemente renunciou ao cargo.

Serrano converterase de maneira inmediata en senador dentro dunha cota que non é elixido nas listas

das eleccións xerais senón que os propón o grupo político como representación de cada comunidade autónoma. Normalmente son designados exalcaldes ou políticos de recoñecido prestixio e ampla traxectoria con dispoñibilidade para viaxar fóra do seu municipio.

O novo cargo de Juan Serrano será independente ao seu posto de concelleiro no Concello de Portomarín.

Seis concellos do Camiño Francés terán un Escape Way

Concellos do Camiño Francés, entre eles Portomarín, presentaron a iniciativa The Escape Way. Promovida pola Asociación de Municipios do Camiño de Santiago cunha achega de 7.500 euros pariticipan O Cebreiro, Samos, Triacastela, Paradelas, e Monterroso.

Cada un dos concellos contará co seu propio xogo, dispoñible a partir do sábado a través dunha aplicación de descarga gratuita. Conxuga a plataforma tecnolóxica con elementos físicos, de forma que só é posible xogar sobre o terreo. O obxectivo é que os visitantes percorran as rúas e se acheguen ao patrimonio e aos lugares de interese mentres resolven o enigma proposto.

Todos os xogos son distintos, con diferentes probas creadas expresamente con elementos propios do concello, polo que cada caso resulta unha experiencia única. Ofrecen contidos en varios formatos, como vídeos, fotografías, textos, ilustracións ou locucións e están deseñados para unha duración aproximada de entre 40 e 90 minutos.

A promotora é unha entidade sen ánimo de lucro constituída por máis dun cento de municipios españois no Camiño Francés, nos que está a estender esta alternativa tecnolóxica de ocio e de promoción da ruta.



Acto de entrega da distinción para Portomarín

A localidade xa é un dos ‘Pueblos Mágicos de España’

O Concello de Portomarín está engadido na lista de Pueblos Mágicos de España que axuda a impulsar o potencial e os recursos locais dos municipios.

Así, Portomarín é o primeiro da provincia de Lugo con este título e o cuarto en Galicia tras Cambados, Combarro e Ribadavia.

A Iniciativa Pueblos Mágicos pretende axudar aos municipios para poñer en valor os seus recursos locais impulsando o Desenvolvemento Turístico Local. Analizamos cada territorio en base a dez áreas de traballo que inclúen Calidade de Vida, Urbanismo, Patrimonio, Festas e Tradicións, Gastronomía e Produtos Locais, Paisaxes, Natureza e outros intanxibles que fan que uns pobos sexan únicos,

sexan máxicos. O Pasaporte da Rede de Pueblos Mágicos permite planificar escapadas, para coñecer pobos cunha maxia especial. Pobos máxicos, singulares, únicos. Para gozar da natureza, o patrimonio, as tradicións e festas locais, a gastronomía singular e tamén, para levar a casa, aos amigos, os mellores produtos locais dos nosos Pobos Máxicos.

Viaxar coa familia, os amigos, en parella ou pola túa conta, é ter novas experiencias de vida, bos recordos, descubrir sabores, vivir e compartir o mellor dos Pueblos Mágicos. Ademais segundo se acumulen pobos visitados, pódese optar a obter agasallos que engadir ao premio, que xa é de por se, cada pobo.

rábade

CIG Ensino demanda protección para os docentes do Xosé Rábade

CIG Ensino enviou un escrito á Xunta de Galicia na que demanda que se tomen as medidas oportunas para garantir a seguridade dos docentes do CEIP público Xosé Rábade de Arias, de Rábade.

Como explica o sindicato este centro, dependente da Consellería de Educación, desenvolve a súa función en coordinación co centro de menores Santo Anxo. No pasado curso producíronse no mesmo situacións de gravidade e intentos

de agresión e risco físico para o profesorado.

“A vista dos antecedentes, dende CIG-Ensino queremos manifestar o noso máis rotundo desacordo co tratamento que dende a Xefatura Territorial se lle está dando, na actualidade, á problemática existente no colexio Xosé Rábade. Cóstanos que nesa Xefatura se coñece perfectamente problemática específica e concreta á que nos referimos”, din.



O polígono de Rábade está ocupado un 90%, segundo a SEA

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, analizou coa xerente da sociedade estatal Solo Empresarial do Atlántico (SEA) a evolución dos proxectos que desenvolve na provincia este organismo e que implica a xestión do polígono de Rábade.

Rodríguez e Sestayo mantiveron unha xuntanza na Subdelegación do Goberno coa finalidade de impulsar a creación de emprego na provincia a través das políticas activas do Executivo. Isabel Rodríguez constatou a boa evolución dos

polígonos industriais da provincia, froito do impulso dado por Beatriz Sestayo a SEA, que facilitou a multiplicación da súa ocupación e tamén se interesou polas actuacións previstas para dinamizar a economía e o emprego nos concellos nos que a sociedade estatal dispón de solo industrial.

En Rábade, tralas últimas operacións pechadas a ocupación do solo supera o 90% e hai varias negociacións en marcha, polo que se prevé que se agote nos vindiros meses.

200 persoas anotáronse nas escolas deportivas

O Concello de Rábade comezaron as escolas deportivas con 200 persoas inscritas, a metade delas nas de persoas adultas. Este ano en nenos, onde se engloban os que teñen entre 4 e 16 anos, recuperan o fútbol sala e terán tamén tenis de mesa, zumba infantil, xadrez e patinaxe. O resto de actividades, baloncesto, tenis, voleibol, ximnasia rítmica, atletismo, balonmán e rugby no tiveron demanda para facer grupo polo que este ano non se celebrarán.

En adultos celebrábase ximnasia

de rehabilitación, máis orientados ás doenzas dos maiores, así como zumba, pilates, tenis de mesa, fútbol sala e ioga. Quedan sen grupo por falta de solicitudes patinaxe, atletismo e xadrez. As clases de nenos xa se iniciaron e a intención é que den comezo as de adultos o 18 de outubro.

O Concello lembra que a inscrición, tanto para adultos como para nenos, segue aberta durante todo o ano. Os interesados en anotarse ás escolas poden facelo no departamento de Cultura e Deportes.

Arumes do Corgo convoca a XIV edición do certame literario Terras de Chamoso



Por décimo quinto ano a Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Deputación de Lugo e a Asociación Cultural A Legua Dereita, convoca o XV edición do certame literario Terras de Chamoso, no que quere premiar a todos os autores que expresen no papel os seus sentimentos empregando como ferramenta a lingua do país. Unha iniciativa pioneira no Corgo e nos concellos da contorna que debido á alta participación, á calidade dos traballos e á valía do xurado estase a converter nun certame literario recoñecido a nivel galego. As poesías e relatos do certame teñen que estar escrito en lingua galega, e consta de varias categorías, infantil, dos 10 aos 14 anos; xuvenil, dos 14 aos 18 anos; e adulto, maiores de 18. Haberá dúas modalidades, poesía que consta de 30 a 60 versos,

e relato curto de 3 a 6 folios escritos a dobre espazo. Os premios consisten nunha figura de cerámica do país, un lote de libros e un instrumento musical galego. Cada participante poderá presentar varios traballos, non premiados noutros certames literarios, e deberán entregalos mecanografados indicando a categoría, modalidade, título e pseudónimo e achegando nun sobre pechado a información persoal a: A. C. Arumes do Corgo. Antigas escolas do Corgo s/n, 27.163 O Corgo (Lugo) ou ao correo-e: arumescorgo@gmail.com. O prazo de entrega rematará o día 26 de novembro de 2021 e o acto de entrega dos premios será o 18 de decembro. Para calquera dúbida relacionada co certame literario enviar un correo a arumescorgo@gmail.com.

Patrimonio dos Ancares denuncia a agresión de dúas mámoas

O día 11 de outubro de 2021 Patrimonio dos Ancares denunciou ante o Servizo do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia a recente destrución dunha mámoa e a agresión a outra situada na parroquia de Gomeán. Estes enterramentos foran documentados polo este colectivo o día 15 de outubro de 2019, e comunicados ao día seguinte a Patrimonio para que procederan á súa catalogación. O día 18 de decembro de 2019, dende Patrimonio comunicaron que, despois da visita efectuada polos seus arqueólogos, que comprobaron que se trataba duns enterramentos prehistóricos, quedaban catalogados cos nomes de Túmulos 1 e 2 de Valverde-Coto de Matafaxín, incluíndose no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e, polo tanto, pasando a gozar de protección legal. Explican que unha das mámoas, duns 18 metros de diámetro, foi practicamente arrasada por maquinaria pesada, producíndolle



Estado no que quedou o terreo

enormes surcos que ocasionaron que perdera case toda a masa tumular. A outra, duns 17 metros de diámetro, tamén sufriu o paso da máquina, producíndolle profundas fendas coas rodas. Dende Patrimonio dos Ancares solicitan á Xunta de Galicia que, en cumprimento da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, “abra inmediatamente o preceptivo expediente sancionador por falta moi grave no primeiro caso, e grave no segundo.

Tamén lle pedimos que nos informaran se para a área de cautela se solicitou o obrigado permiso para efectuar traballos de remoción de terras”. Urxen unha rápida inspección xa que a roturación do terreo realízouse, “sen dúbida, para algún tipo de plantación o que podería agravar, máis se cabe, o lugar onde se atopan o que ocasionaría, para empeorar o xa irreemprazable, facerse con outro tipo de información arqueolóxica”.

pol

O PAI aplica a gratuidade do pago para o segundo fillo



O Concello de Pol informa de que no BOP da provincia de Lugo aparece recollida a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora dos prezos públicos do servizo do Punto de Atención á Infancia, co obxectivo de incluír a bonificación do 100% das cantidades correspondentes á matrícula do segundo fillo ou filla e sucesivos pertencentes á mesma unidade familiar. Esta bonificación regúlase segundo o establecido na Disposición adicional novena da Lei 7/2019, de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, sendo o

seu establecemento e aplicación voluntarios no caso das escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais. Dende o goberno municipal considérase que esta bonificación, para a matrícula gratuita do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade infantil na escola infantil de 0-3 anos, supón unha importante axuda para as familias de cara á conciliación. Todas aquelas persoas que cumpran este requisito poderán solicitarlo no departamento de Servizos Sociais do Concello de Pol, a través da traballadora social.

guntín

Dúas marquesiñas para a parroquia de Mota



A parroquia da Mota, no Concello de Guntín, conta con dúas marquesiñas novas solicitadas polos veciños para esperar o servizo de bus resgardados das inclemencias meteorolóxicas.

Así, dende a Deputación de Lugo atenderon as peticións veciñais e continuarán coa colocación das mesas por todas as parroquias nas vías da súa titularidades dos 67 concellos da provincia



A Legua dereita organiza un magosto

A Asociación A Legua dereita organiza para o sábado 6 de novembro un magosto. Este evento será na Escola Vella, situada á beira do edificio de Correos, ás 18.30 horas. Ademais de degustar este xantar, haberá música e unha foliada aberta a todo o público. Tamén haberá unha actuación especial a cargo do gran Dani Polo Ilusionista. Este espectáculo terá lugar o sábado día 6 ás 20.00 horas e para asistir será necesario apuntarse previamente chamando ao teléfono 628 690 545, xa que haberá medidas de prevención e aforo limitado. Dani Polo é un ilusionista nado en Melide que leva dende cativo no mundo da maxia.

O Concello realiza melloras na ruta Miradoiro da Terra Chá

Na actualidade o Concello de Outeiro de Rei está a realizar varias actuacións de mellora na ruta de sendeirismo Miradoiro da Terra Chá. Esta ruta une as parroquias de Gaioso e Francos nunha zona catalogada como Reserva da Biosfera. As actuacións consisten, por unha banda, na mellora do firme nalgún dos tramos da ruta que non se atopan en bo estado de conservación dificultando así o tránsito peonil. Colócase una valla cubrecontenedores no núcleo tradicional de Susavila e un conxunto formado por mesa e bancos de madeira tratada. Doutra banda, as actuacións inclúen a mellora na sinalización da propia ruta, reparando as sinais deterioradas, repoiñendo as sinais ausentes, colocando frechas e un novo sinal indicativo do inicio da ruta no tramo modificado no seu



Penas de Rodas forma parte do roteiro

inicio e eliminando as sinais existentes no tramo que se modifica. Ademais, dispónse de sinalización mediante paneis interpretativos situados en puntos representativos da ruta nos que se inclúe información da ruta, dos espazos naturais,

cartografía de elaboración propia, fotografías e un vínculo mediante código QR con vídeos aéreos elaborados exclusivamente para este traballo e que serán aloxados en webs propias do Concello orientadas a este contido.

Outeiro de Rei recibe a bandeira verde da man de Feijóo

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, reeditou o compromiso co fermosismo galego, reflectido nuns orzamentos para 2022 que incrementan un 53% a achega para a protección da paisaxe, pasando dos 3,6 millóns de euros deste ano aos 5,6 millóns do vindeiro exercicio. Durante o acto de entrega das Bandeiras Verdes 2021, Feijóo afirmou que a Administración autonómica seguirá comprometida cunha Galicia verde e azul, a través da protección do medio ambiente, da loita fronte ao cambio climático, coa eficiencia enerxética e coa xestión de residuos. Un compromiso que tamén fan seus concellos de Alfoz, Curtis, Moaña, Mondoñedo, Ordes, Outeiro de Rei, Parada de Sil, Porto do Son e Sober que, en conxunto, presentaron preto de 150 accións -para a protección do medio ambiente, a ordenación do territorio, a loita fronte ao cambio climático, a eficiencia enerxética ou a xestión dos residuos- que acadaron a puntuación esixida para recibir este distintivo, que constitúe un mérito aos efectos da obtención de subvencións en materia de patrimonio natural. “E seguiremos destinando recursos para seguir practicando o fermosismo galego”, aseverou, subliñando que fermosismo é a Bandeira Verde, pero tamén son as axudas para a loita contra os impactos paisaxísticos.

Presentan as actividades socio culturais que se desenvolverán no inverno

O Concello de Outeiro de Rei abriu o prazo de inscrición para as actividades da tempada 2021- 2022, prazo que permanecerá aberto ata o 5 de novembro nas oficinas da Casa da Cultura en horario de 10:00 a 14:30 da mañá. Estas actividades estarán divididas en catro bloques, as culturais, deportivas, da OMIX e de Promoción da Muller, seguindo a dinámica de edicións anteriores. No apartado de cultura e lecer ofértanse actividades de danza moderna, obradoiros para festas, escola de maxia, robótica, bailes de salón (iniciación e perfeccionamento), viaxe a Baiona á Festa da Arribada, costura básica e creativa, manualidades, viaxe ao Fuciño do Porco, Poza da Ferida e Viveiro e restauración de mobles. Dentro da oficina de información xuvenil a oferta contén ximnasia rítmica, obradoiro de coiro, inglés de preparación para o B1, escola de música (de Outeiro de Rei, Rábade, Begonte e Friol), e pádel. No capítulo do deporte haberá fútbol sala, ximnasia na auga, natación adultos, baloncesto, tenis (tres cursos), tiro con arco (dous cursos), patinaxe



(dous cursos), pilates (dous cursos), ioga, BTT, natación infantil, rutas de sendeirismo, escola de motociclismo, curso de conducción de motociclismo, entrenamentos libres kart/moto en circuíto e tenis de mesa. Finalmente, no apartado de promoción da muller haberá formación en novas tecnoloxías e charla sobre prevención da violencia de xénero e a discriminación contra a muller. Por ser o número de prazas limitado estas cubriranse por rigoroso orde de inscrición, tendo sempre preferencia as persoas empadroadas neste municipio con respecto ás de fóra.

O PSOE critica ao Concello por non acondicionar a urbanización da Palloza



Urbanización da Palloza

A voceira do PSdeG no Concello, Carmen Acacio denunciou novamente “os incumprimentos do alcalde” en relación ao inicio das obras na urbanización A Palloza. “Xa que como denuncia a propia veciñanza seguen sen ter nin unha soa noticia das obras nesta urbanización tal e como se comprometera o Concello publicamente”, sinala. Advirte “que a día hoxe, 20 anos despois dende que se remataron estas construcións, a urbanización non conta con servizos básicos como alumeado, farolas, as rúas están sen asfaltar e o cableado a ras do chan e teñen luz de obra, todo esta á monte nesta urbanización”, lamenta. Acacio lembra tamén que o pasado mes de marzo o alcalde enviou unha carta a tódolos afectados polas actuacións do

Plan Parcial da Palloza, “e dende aquela todos seguen esperando ao que o PP mova un dedo, para facer algo, e mentres a veciñanza sigue esperando e pagando os seus impostos sen contar cos servizos básicos nesta urbanización”, denuncia a Voceira. Remarca ademais que o Concello fixo outro tipo de investimentos na vila, “que entendemos non eran tan prioritarios para a veciñanza, como por exemplo a pista de karting financiada con fondos públicos e que supuxo un investimento de preto de 225.000 euros, pero insistimos, na Palloza a día de hoxe seguen sen ter nin farolas, estas son as prioridades do PP”. E preguntase “onde van os 1,5 millóns de euros que cada ano aparecen nas contas do Concello para esta urbanización?” advirte.

O BNG oponse á desviación para ampliar o circuíto de Outeiro

O BNG de Outeiro opúxose á proposta do alcalde para desviar unha estrada, introducíndolle unha curva nun tramo que agora é completamente recto, co obxectivo de ampliar outra vez o circuíto de velocidade de Outeiro, “parece ser que esta vez para construír unhas novas bancadas”. O BNG argumentouno dicindo que o concello non podía seguir a investir cartos nese circuíto sen antes ter feito un plan de viabilidade para el, así como ter elaborado e publicado o sistema de control de todo o que alí acontece, incluídos os movementos de cartos que se producen. “Un negocio onde se move tanto diñeiro non pode estar funcionando sen ningún tipo de control, máxime

cando alí se levan investido varios centos de miles de euros. O circuíto xa leva tempo funcionando pero o concello practicamente non ten nada recadado. Iso terán que xustificalo de forma detallada...”, manifestou o voceiro do BNG. Hai que ter en conta que se acaban de aprobar uns orzamentos onde quedaron patentes os problemas económicos do concello, pois todo o investimento deste ano vai a cargo dun crédito bancario e hai facturas que se pagan con máis dun ano de retraso debido á falta de liquidez do concello. “Con esa situación, hai luxos que non nos podemos permitir. Non se poden subir as taxas municipais ata un 40% para logo dilapidar os cartos desta forma”, rematou o edil do BNG.

O museo de Viladonga retoma os obradoiros artesanais

O Museo de Viladonga retomou as súas actividades trimestrais con distintos obradoiros que se desenvolverán ata o mes de decembro.

A programación iniciouse con dous obradoiros a finais de outubro. O primeiro é un taller experimental de cestería tradicional que estivo ao cargo da artesá local Lola Tourón no Conxunto Etnográfico das pallozas do Cebreiro. A seguinte fin de semana fíxose outro obradoiro, neste caso de cerámica castrexa, que dirixiu a artesá oleira Sandra Obarrio dentro das instalacións de museo de Castro.

Xa en novembro, a fin de semana do 6 e 7 volverá celebrarse o obradoiro de cestería de Lola Tourón pero no museo de Viladonga mentres que o 13 están citados para unha formación experimental de textiles na antigüidade, a cargo de Miriam Fernández.

A programación trimestral prevista para o museo continuará en decembro con senllas actividades culturais. A primeira será de maxia, a fin de semana do 13 e 14, a cago de Fani Triana e o 15 e 16 haberá contacontos de Paula Carballreira.

Volve a Escola Municipal de Teatro

A Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei retomará un ano máis a súa actividade da man de Guillermo Cancelo, que dirixirá os cursos a partir do 2 de novembro.

Así as clases de adultos terán lugar os martes de 20.00 a 22.30 horas e as persoas interesadas en participar deberán inscribirse no teléfono 639 319 502 ou no correo teatrodomio-logmail.com.

Durante este curso montarase unha nova obra, A croa dos chairos, ambientada no Castro de Viladonga.

Os Valuros imparten este inverno clases de música e baile

Os Valuros de Castro de Rei retomará a súa formación para participar no grupo impartindo clases de gaita, tambor, bombo, pandeireta e baile tradicional.

Os interesados en asistir poden poñerse en contacto co grupo no teléfono 646 475 639. As clases impártense todos os xoves.

As análises dan vía libre ao consumo de auga



O alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, confirmou que xa se pode consumir de novo auga da traída segundo indican os resultados das análises realizadas. En días anteriores emendouse o problema da auga da traída, que provocou que se interrompese a súa subministración en 14 parroquias, afectando a máis de 3.000 dos 5.000 veciños do concello, pola alta presenza de arsénico.

Segundo indicou “agora xa está todo ben, e emendouse o problema inicial”. Balado constatou que “xa o xoves pasado substituíronse as partes dos filtros que deixaban pasar area e deixaban pasar todo a auga sen tratar” e esperábase ao resultados das análises para dar luz verde ao consumo.

A pasada semana, Castro de Rei viuse obrigado a interromper o consumo de auga, en 14 parroquias, por esa alta presenza de niveis de arsénico, por encima de límites que marca a Unión Europea

Concentración pola apertura do consultorio



O Bloque Nacionalista Galego en Castro de Rei celebrou onte unha concentración diante do consultorio de Castro de Rei co motivo da defensa da sanidade pública e a apertura deste centro. Contou coa presenza da deputada por Lugo do BNG, Carme Aira, e a voceira e concelleira local, Digna Lagarón, entre outros integrantes da formación.

Digna Lagarón explicou as razóns pola que a organización convocou esta concentración “continuamos a pé de rúa para evidenciar que non queremos que dismantelen o consultorio de Castro de Rei, o BNG e a veciñanza non consinte que nos rouben un ben prezado como é a nosa sanidade pública” declarou.

Neste sentido, a concelleira nacionalista destacou que “este consultorio é a imaxe do desmantela-

mento que está a facer o Partido Popular nos servizos públicos do rural, por esta razón o BNG continuará loitando pola apertura do consultorio” dixo a concelleira.

Grazas ás mobilizacións convocadas polo BNG para recuperar a atención primaria neste concello, a Consellería de Sanidade reaccionou con diferentes accións para axilizar o servizo, pero a realdiade, é que non existen melloras no funcionamento da atención primaria.

Por todo isto, o BNG trasladou esta semana ao Parlamento galego, en concreto na Comisión de Sanidade, a reactivación plena do consultorio de Castro de Rei como tamén a dotación de persoal facultativo no centro de Castro Ribeiras de Lea. Estas iniciativas foron aprobadas por unanimidade.

Adxudican a colocación de céspede no campo de adestramento



Imaxe do campo de adestramento antes de poñer o céspede

O Concello de Castro de Rei vén de adxudicar a última fase das obras de acondicionamento do campo de adestramento de fútbol a Calfensa por un valor de 131.164,00 euros e un prazo de execución de dous meses.

Os traballos contemplan a cubrición do campo de fútbol con céspede artificial de 105,00 x 64,00 metros colocado sobre as bases, ocupando unha área total, incluídas as zonas perimetrais de protección de 6.720 m².

As necesidades do novo terreno de xogo que se proxecta, en canto ó pavimento de herba artificial do campo de fútbol implica a colocación sobre a capa elástica existente dunha manta de céspede artificial lastrada mediante capa de area seleccionada de sílice redondeada e gránulos de caucho reciclado.

Esta actuación atópase incluída no Convenio de Cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Castro de Rei para realizar cun orzamento total de 159.983,77 euros, dos cales o organismo autonómico financia 100.112 euros e o concello aporta 59.871,77. O compromiso era de que esta obra esté executada antes do 2 de novembro.

O BNG propón o cambio de nome para a Granxa Gayoso

O BNG propuxo ao pleno provincial un cambio na denominación da Granxa Gayoso Castro, retirando da nomenclatura deste complexo de titularidade provincial o nome de quen fora presidente da Deputación de Lugo durante o franquismo.

O deputado de Memoria Histórica, Efrén Castro, explicou que se trata de avanzar na retirada de recoñecementos e honras ao franquismo, como xa se fixo cos cadros dos presidentes da Deputación durante o ditadura que colgaban dos corredores do Pazo de San Marcos.

“A pesares dos anos transcorridos dende a aprobación da Lei de Memoria Histórica, aínda e necesario remover nas institucións os recordos que nos remiten a época da ditadura franquista. A día de hoxe, e despois da retirada das paredes dos corredores do Pazo de San Marcos dos cadros dos presidentes da institución nomeados polos dedos dos partícipes no golpe de Estado e na posterior ditadura militar, aínda continúa a empregarse o nome dun deles , Gayoso Castro, para referirse a granxa da Deputación”, expuxo Efrén Castro, defendendo que “as institucións non poden acoller elementos de recoñecemento ao franquismo ou ás persoas que o representaron porque iso contribúe a branquear e lexitimar a ditadura, algo inaceptable nunha sociedade democrática”.

A proposta do grupo nacionalista formula tamén unha denominación alternativa, Complexo Agrogandeiro e de Investigación Universitaria, facendo referencia á actividade agrogandeira e de investigación que se desenvolve no complexo, que acolle o Centro de Recría ou o Centro de Investigación Láctea, creado coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela.

O Pleno desbotou a proposta cos votos en contra de PSOE e PP. O deputado de Recursos Sostibles, Roberto Fernández Rico, explicou que a Lei 52/2007 do 26 de decembro, Lei de Memoria Histórica, non indica que haxa que condenar de maneira xeral e automática a todos e cada un dos cargos políticos dos 40 anos de ditadura.

COLABORACIÓN

Enésima puñalada

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Da noite para a mañá, a multinacional con orixe en Dinamarca, Vestas, anunciou o peche da factoría ubicada en Chavín, concello de Viveiro. Nun comunicado moi elaborado, explican as causas da devandita decisión, escudándose na procura de crear novos produtos e solución para os seus clientes, co obxectivo de azeitar o despregue das enerxías renovables e mellorar a competitividade eólica. Bla, bla, bla.

O resultado inmediato é a destrución de cento e cinco postos de traballo directos na nosa provincia, na bisbarra da Mariña, que xa vive co corazón nun puño desde hai meses ante o negro futuro de Alcoa, en San Cibrao. Homes

e mulleres ós que lles informaron que buscarán unha reubicación, sen saber onde nin como, pero o certo é que en Viveiro tan só uns poucos poderían ter acomodo.

Outra puñalada máis, poderíamos dicir, xa que se repiten procedementos vistos con anterioridade. Asistimos como grandes empresas con sedes en lonxanos lugares escollidos no noso territorio para instalarse, creando riqueza en forma de emprego, un ben moi prezado en calquera lugar, pero moito máis no noso, onde a industrialización resultou moi feble. Estas entidades recibiron substanciaosas axudas das distintas administracións públicas, subvencións ás cales non fixeron noxo precisamente. Pasa o tempo e de súpeto acordan que xa non lles interesa seguir no mesmo lugar. Entón, escóitanse conceptos que resultan familiares, como por exemplo, deslocalización, unha práctica habitual do capitalismo. Aquí xa conseguimos



todo o que podíamos acadar, polo que decidimos recoller os bártulos e marchar para outra parte, que nos están esperando cos brazos abertos, onde produciremos moito máis barato e ademais tamén teremos a oportunidade, malo será, de recibir beneficios dos distintos gobernos. A música de sempre e que incomprensiblemente se lles permite seguir interpretando. De inmediato, as protestas e manifestacións dos directamente


afectados, os empregados das factorías, quen contan en xeral co apoio e a empatía do entorno, xa que este tamén se verá moi prexudicado, incluído o poder político con declaración sentidas, comprometéndose a traballar para evitar o peche, pero uns polos outros, o certo é que solucións non se albiscan. Tamén asistimos a iniciativas novedosas de loita, como a de Álex Paleo, quen percorreu os 2.800 quilómetros que separan

Viveiro da cidade dinamarquesa de Aarhus, para entregarlles unha carta ós directivos da multinacional solicitando que non se peche a planta de Chavín. Álex, de corenta anos, un ciclista profesional no pasado, un traballador máis que ve perigar o seu futuro, foi acompañado na súa viaxe durante trece días por outros dous compañeiros que lle prestaron apoio nas duras etapas, Breixo e Guille. Una vez chegados a Dinamarca, os traballadores entrevistáronse con directivos de Vestas, os cales, amablemente e de maneira moi cordial, explicaron que comprendían a súa angustia, pero que era unha cuestión empresarial, de números, é dicir, de cartos. A empresa toma esa decisión sen ter en conta o dano que pode chegar a infrinxir, porque nos seus balances, o despedido de dúzias de operarios e o empobrecemento dun pobo, non teñen cabida.

É o que hai

Confortable

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Nas miñas colaboracións anteriores falei de que Lugo é unha cidade accesible por todo o acadado na eliminación de barreiras físicas (arquitectónicas, urbanas, de transporte, de comunicación) e de que maneira, pouco, a pouco, foron desaparecendo atrancos socio-mentais existentes nunha pequena capital de provincia, cando se fomenta a participación das persoas con discapacidade en todo tipo de actividades, incluídas as recreativas, rompendo con moitos prexuízos e estereotipos. Pódese dicir que todas estas limitacións estaban impostas por outros, por terceiras persoas. Mais hoxe vou falar das propias, é dicir, das que as persoas con discapacidade autoimpoñémonos. Estas autolimitacións xorden no día a día, cando saír de casa convértese nunha incómoda tarefa xa que tes que prever circunstancias que poden ser resoltas ou non, e empezas a dudar se vou ou non, se vale a pena ou non.

E pensas niso máis de dúas veces e, a non ser que sexa obrigatorio, depende do estado de ánimo que teñas ese día e da motivación que atopas, desterras ou non todo tipo de xustificacións e saes á rúa a contactar co exterior do teu lugar de confort. Confort, comodidade que é importante atopar fóra da casa.



Unha vez escoitei a alguén que unha cidade cómoda é aquela na que se chega antes en coche que a pé. E penso que, de momento, Lugo o é.

Ir dun extremo ao outro da cidade, por exemplo de Garabolas á avenida de Madrid, (oito quilómetros, aproximadamente), en

coche pode levar, dependendo do tráfico (e segundo Google Maps), dez minutos. E camiñando, incluso rodando, máis ou menos, corenta.

Isto supón que existe a posibilidade de aproveitar mellor o tempo, de estiralalo se é necesario, ofrecendo a oportunidade de facer moitas cousas ao longo do día. E por riba de todo, desfrutalo coa familia, cos amigos, cun mesmo paseando e descubrindo unha morea de cousas.

Cando se chega dunha gran cidade na que para facer calquer desprazamento tes que tomalo con calma e co tempo, moverse por Lugo e decatarse de que o día che dá a oportunidade de facer varias cousas, é unha gran vantaxe!

E o é aínda máis cando se ten mobilidade reducida, de inmediato caes na conta de que todo está a man, a pesar das dificultades que se poden presentar, como por exemplo atopar as prazas de aparcamento reservadas ocupadas por xente sen tarxeta.

Esta comodidade prodúcese seguridade e, se estou nun ambiente cómodo e seguro, prodúcese confort. Ademais, se teño información real sobre como podo facelo, a onde teño que ir, hai ou non

liña de autobús, praza de aparcadoiro, accesibilidade... todo isto afórrame tempo e estrés, salvagardando a miña comodidade, o meu confort. E apetece saír á rúa,

sen máis, sen obrigas nin escusas, soamente por desfrutar da cidade e das súas xentes. Por iso, considero que Lugo é unha cidade comfortable.

ELISARDO BARCALA



Web: www.ebarcala.com
Facebook: @ebarcala

DEPORTES

O Concello firmará un convenio para o uso de pistas

A área de Deportes do Concello de Lugo informa de que, actualmente, está a redactar un convenio propio de colaboración co Goberno autonómico para asumir a cesión das pistas de atletismo e do polideportivo Cidade Cultural, ubicadas na avenida Rodríguez Mourelo, fóra do horario lectivo, co obxecto de poder ofrecerlles aos clubs locais para que realicen alí os seus adestramentos, ampliando así as instalacións dispoñibles na cidade para a práctica deportiva. Unha aclaración que vén en resposta a un comunicado do concelleiro do Grupo Municipal do PP Óscar Poy no que explica que o goberno local non realizou en prazo a solicitude aos IES que hai no municipio, que rematou o 30 de setembro, para poder empregar as instalacións deportivas destes centros educativos e que piden a posta a disposición das instalacións que hai nos CEIP xa que axudarían a desatascar a saturación existente nas poucas pistas dispoñibles para os

clubs ou para a práctica do deporte libre por calquera veciño. Estas dúas instalacións, pistas de atletismo e polideportivo, son os únicos equipamentos autonómicos existentes na capital que, tecnicamente, mellor se adecúan ás necesidades dos clubs federados que precisan de infraestruturas con pavimentos adaptados á súa actividade, canastras homologadas e outro tipo de dotacións como vestiarios con auga quente. Motivo polo que o Concello descartou adherirse ao convenio marco da FEGAMP para a utilización os CEIPS e IES e que implicaría, entre outras esixencias, ampliar o contrato municipal de limpeza de instalacións deportivas, actualmente en vigor, para darlle cobertura tamén a estes centros, adoptar fórmulas de copago da subministración enerxética e dotar cada unha das dependencias do persoal necesario para abrilas, pechallas e vixialas cando foran utilizadas para o Concello.

A pista de motocross de Teixeira será un referente no noroeste

Estanse a rematar as obras de creación da nova pista de motocross situada na parroquia de Teixeira e que permitirán que Lugo conte co circuíto de motocross de referencia do noroeste peninsular, unha pista única en Galicia polas súas características e que poderá acoller competicións mundiais. Trátase dun circuíto de 2.000 metros de pista e 10 metros de ancho, medidas aptas para celebrar campionatos a nivel internacional. Para a súa execución aproveitáronse os desniveis naturais do terreo para facer parte dos saltos. Deste xeito, conta cunha ampla variedade de saltos e trazadas para todos os niveis; así mesmo, tamén disporá dalgún salto máis técnico para os pilotos máis experimentados. Actualmente o trazado da pista xa está finalizado e están a rematar coa instalación do peche; a continuación, levaranse a cabo as correspondentes tarefas de acondicionamento e limpeza do resto das instalacións, para que o recinto poida estar operativo á



maior brevidade posible. A parcela contará tamén cun espazo habilitado para o paddock e reservase unha zona para realizar cronos de enduro. No deseño da pista tamén participou, achegando o seu coñecemento e ideas, o organizador do Gran Premio de España de motocross que se celebra anualmente na Comunidade de Madrid, Diego Muñoz.

A nova pista levará o nome do laureado piloto lucense Jorge Prado, quen, con tan só 20 anos, xa conta no seu palmarés con dous campionatos do mundo na categoría MX2, un europeo en 125 c.c. e un mundial en 65 c.c. Actualmente compite co equipo KTM na categoría raíña do motocross (MXGP), sendo un dos máximos referentes do deporte lucense.

Coa moral polas nubes

Por Adrián Fernández Segue a dinámica positiva para o Río Breogán a pesar de encadear tres derrotas consecutivas no mes de outubro. Ao final balance de dúas vitorias e tres derrotas, das cales tivo opcións de gañar en cada unha delas, para un total de 4 vitorias e 4 derrotas que nos sitúa sétimos na liga. Cun estado de ánimo inmejorable comezaban o mes recibindo a un rival directo pola salvación, o Betis. Deixando ao carón a euforia inicial, este era un partido importante para ver cal era a resposta do equipo ante a presión de ter a obriga ción de gañar a este tipo de rivais, e superouse con nota, dominando o encontro en todo momento ata alcanzar un resultado moi avultado (97-65) que deixaba clara a diferenza entre os dous equipos. O calendario poñíase duro para o Breogán coa viaxe a Málaga para xogar contra o Unicaja, a semana seguinte recibir en casa ao todopoderoso Real Madrid e volver viaxar, esta vez a Zaragoza. Tres derrotas, 72-64 en Málaga, 71-79 co Real Madrid e 79-75 en Zaragoza; pero aínda así coa moral reforzada por moitos motivos, o primeiro porque son derrotas asumibles grazas ao traballo ben feito anteriormente,

o segundo, porque a pesar de que os resultados foron negativos tívose opcións en todos eles de acabar con vitoria, en Málaga chegaron a estar arriba no marcador a falta de 5 minutos e contra o Real Madrid conseguiron poñerse a 2 puntos a falta de 2 minutos, só as individualidades de Norris Cole no primeiro e Sergio Llull no segundo evitaron as vitorias; e en Zaragoza, a pesar dunha primeira parte malísima, os peores minutos do Breogán esta tempada, souberon remontar e tiveron opcións reais de levar o partido; e terceiro, porque no partido contra o Real Madrid no Pazo, coas novas restricións, o aumento de aforo para eventos deportivos, permitiu xa o acceso a todos os socios e a algún espectador máis que puido facerse con algunha entrada, para volver ver o pavillón co ambiente de sempre, algo moi necesario para o equipo. Que a moral estaba reforzada a pesar das derrotas puido verse no seguinte partido, nada menos que co UCAM Murcia que esta sendo unha das sorpresas deste ano, un equipo moi físico que imprime un ritmo de xogo moi alto e que xoga ao límite do regulamento. Un partido duro no que houbo de

todo, moitísimas faltas, varias antideportivas e faltas técnicas, un simulacro de pelexa no que ata o noso querido Maximus recibiu a súa parte e que rematou con Sadiel Rojas expulsado, ata fallaron os marcadores das canastras varias veces e que fixo que o encontro se paralizase uns minutos, todo isto na véspera do Día dos Defuntos, un partido aloucado perfecto para unha tarde outonal de Samaín, e o mellor foi a volta á senda da vitoria (94-89), ver que o equipo responde en calquera situación e ante calquer tipo de rivais. Chega novembro e con el as xanelas FIBA (22-30 de novembro), así que só xogaranse tres partidos, dous en casa, Gran Canaria o sábado 6 e o Joventut o 21, e en Manresa o 14 de novembro, sería importante sacar algún bo resultado antes do parón. Por último, e aínda que falta moito para o derbi contra Obradoiro (3 de xaneiro), xa están á venda as entradas para o partido non sen polémica, xa que o elevado prezo que puxeron os de Santiago para ese día, non fixo máis que aumentar o malestar na afección lucense. Quedan pouco máis de dous meses e xa empeza a notarse o ambiente do derbi.



RALLYE SAN FROILÁN. Rematou o Rallye San Froilán coa entrega de premios, que lles corresponderon a Alberto Meira e Ezequiel Salgueiro. Adrián Díaz, terceiro, e Francisco Dorado, cuarto, foron os primeiros lucenses na clasificación xeral, por detrás de Jorge Pérez, segundo.

O Concello renova o patrocinio ao CD Lugo e CB Breogán

O Concello de Lugo revalidou o patrocinio que o Concello de Lugo fai ao C.D Lugo e ao C.B Breogán. Unha actuación que se enmarca na gran contribución que ambas entidades fan ao impulso da imaxe da cidade, ampliando o seu coñecemento público e repercusión mediática – aproveitando a transcendencia da súa participación nas compe-

ticións deportivas de fútbol de Segunda División e na LIGA ACB nas que militan, respectivamente – así como no labor de promoción económica do municipio que acadan a través do retorno que xera na capital a celebración dos partidos. A Xunta de Goberno autorizará ámbalas dúas actuacións que teñen un importe de 82.500 euros cada unha.

“Nós centrámonos na xente, nas persoas de forma individual”

José Luis Álvarez, Rocky, responsable do Boxing Club de Lugo

Boxing Club Cidade de Lugo é un equipo deportivo de boxeo e, actualmente, é o único club lucense con competidores. Agora mesmo, conta con máis de 150 licenzas e conta cun equipo de competición infantil. Falamos con José Luis Álvarez, adestrador e un dos encargados do club.

Cando naceu Boxing Club Cidade de Lugo e por que?

O club naceu no 2005. Meu pai, José Luis Álvarez, estivo ligado ao boxeo dende os 14 anos e ten agora 65, polo que leva máis de 50 anos unido a este deporte. De feito, el quedou campión da liga nacional de boxeo e subcampión de España profesional.

Como evolucionou o club dende a súa creación?

Comezamos en 2005 con catro licenzas e, actualmente, temos máis de 150 licenzas de boxeo en activo. Un dato destacable é que ata o ano 2009 non había mulleres adestrando no club e, agora mesmo, o 60% son mulleres.

Ademais diso, o club tamén conta con categoría infantil?

Si. En categoría infantil quedamos este ano, no 2021, campións galegos por clubs. Consequimos

sacar oito medallas de ouro, tres de prata e dúas de bronce. Tamén competimos a nivel nacional, sen embargo, non hai competición nacional dende antes da pandemia, dende 2019. Sacamos catro medallas nese campionato levando a tres nenos. Ademais, tamén competimos na Copa Deputación de Ourense con 40 nenos. En canto á liga, de momento, aínda non hai previsión de que comece a liga de formas este ano polo tema da covid xa que aínda teñen que rematar os protocolos.

Como funciona a liga infantil?

A liga é sen contacto e é o que se chamaría formas de boxeo. Fan todo o que se fai no adestramento pero sen contacto ningún. As categorías son dende menos de 8 anos ata os 16. Agora estano ampliando un pouco máis porque a xente estivo moito tempo sen competir. Sen embargo, a liga propiamente dita, é de menos de 8 anos a 16. Os rangos de idade van de dous en dous, xa que senón hai moita diferenza entre un neno e outro. Por iso, estes rangos de idade son de 8 anos, 10 anos, 12 anos, 14 anos e 16 anos. O que se practica en formas de boxeo é comba, sombra, que é dar golpes ao aire, manoplas e saco.

Como afectou a pandemia?

A pandemia tocounos moito porque nós, particularmente, temos un rapaz, Wilker Faña, que é punteiro a nivel España, polo que estamos para pasalo a profesional. Este parón afectounos moito xa que tiñamos unha previsión de 20 pelexas para o ano da pandemia que, ao final, quedaron en nada. Agora mesmo, dende a covid, tan só leva tres pelexas, senón seguramente xa se houbese pasado a profesional. O da pandemia afectou a todos os deportes loxicamente, sen embargo, a nós tocounos moito máis porque ao fin e ao cabo somos un deporte de contacto. Non é como o fútbol que, ademais, é ao aire libre.

Dende que comezou a pandemia reduciuse actividade, xa se chegou á normalidade?

Agora si. Xusto agora falamos con Secretaría Xeral para o Deporte e están mirando xa de quitar a máscara en interior para todas aquelas persoas que teñan o certificado de vacinación ou de haber pasado a covid. Basicamente están estudando o de sacar a máscara para deportistas.

En canto ao número de persoas



Membros do club, tras un torneo

practicando boxeo no club, aumentou ou reduciuse dende esta situación sanitaria?

Hai moitas máis persoas. O dobre de xente máis ou menos. É unha pasada.

E en canto a persoas adultas, poden competir como no caso da categoría infantil?

A xente que é máis maior tamén pode competir en formas. Non conta para a liga porque esta tan só é infantil, pero poden competir tendo podio e demais. Ademais, se queren competir en boxeo de contacto tamén poden. Nós actualmente temos 10 persoas competindo.

Que destacaría do boxeo como

deporte?

Os valores que representa. Moitos valores que se están perdendo na sociedade de hoxe en día, aquí continúan manténdose como por exemplo o honor. Ademais, transmítese moita educación e saber estar, sobre todo, aos máis pequenos. Cousas importantes que hoxe en día non se dan, nin na casa, nin no colexio.

Que é o que máis valora do club en particular?

Que está centrado na aprendizaxe do boxeo, pero non tal e como se está a entender agora na maioría de ximnasios onde está todo moi masificado e existe produción en serie. Nós centrámonos un pouco máis na xente, nas persoas de forma individual porque cada unha é diferente. Por exemplo, nós temos nenos que teñen TDH e a cada neno, ao final, hai que tratalo dunha maneira diferente, non se pode tratar a todo o mundo igual porque cada persoa é distinta.

Que plans de futuro ten o club?

A corto prazo os plans de futuro que temos é pasar a Wilker Faña a profesional en cuestión de un ano aproximadamente e tamén continuar crescendo como club pouco a pouco. O tema do boxeo é que é competición anual, é dicir, ti gañas o galego e vas ao de España. Non é coma nunha liga na que podes quedar segundo ou terceiro e xa gañarás o ano que vén, aquí todos os anos é comezar de cero.



Algúns dos rapaces participantes nos adestramentos do Boxing Club



DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Presente e pasado das augas medicinais

As termas romanas de Lugo son os restos do antigo balneario romano situado á beira do río Miño, preto da antiga ponte romana. Estas termas romanas foron declaradas Monumento Histórico-Artístico en 1931, e agora forman parte das instalacións do Hotel Balneario de Lugo.

Este é un dos monumentos máis representativos do legado cultural romano e a súa construción comezou ao redor do ano 15 a.C. ao compás dos primeiros pasos da cidade, fundada polo legado de Augusto, Paulo Fabio Máximo.

Os baños públicos formaban parte do modo de vida romano e representaban o poder dos seus gobernantes. Case todos tiñan unha serie de salas comúns con funcións específicas. No Apodyterium, que é o recinto mellor conservado, as persoas desvestíanse e nas paredes abríanse unha serie de nichos para deixar as súas vestimentas, nesta sala cóntanse dezoito. O Caldarium era a sala do baño quente, o Tepidarium, para baños mornos así como de transición para o baño frío que era o Frigidarium. Ademais podía haber outras estancias para baños de vapor, para facer exercicio, etc.

Estas instalacións recibían auga dun manancial termal con propiedades minero-medicinais, con augas sulfurado-sódicas e carbonatadas que abrollan a 43,8 °C. Estas augas son explotadas aínda hoxe dentro do propio Balneario de Lugo.

Baixo a escaleira moderna do actual Balneario hai outra sala



O Apodyterium ou vestiario

onde se poden ver uns muros cunha bóveda e uns arcos romanos que pasou a ser reutilizada como capela cristiá entre os séculos XVI e XVIII, e tiña un pequeno altar e unha representación pictórica do Calvario de Xesús.

Noutras partes do Balneario quedan aínda varios restos dos baños termais da época galaico-romana, entre eles, a toma de auga orixinal no interior, e no exterior as canles, muros e outros elementos constructivos.

Así mesmo existen muros ro-

manos para conter as crecidas do río Miño, e suponse da existencia dunha sala, quizais o chamado sudatorium ou laconium representada no plano do balneario do século XIX e feito polo enxeñeiro militar Pedro Giraldo, onde se distinguían as construc-

cións da época romana.

Os arqueólogos F. Hervés e G. Meijide, estiman que as termas romanas ocuparían unha superficie de 2.500 metros cadrados organizados de forma paralela ao río e serían utilizadas entre os séculos I d.C. ata o IV da nosa era.

As excavacións arqueolóxicas realizadas proporcionan valiosa información no tocante a organización das Termas Romanas. Así na excavación da piscina do patio posterior atopáronse 14 aras partidas pola metade, dedicadas ás Ninfas por personaxes de relevancia da época: Marco Ulpio Longiniano, Lucio Valerio Máximo, Marco Hortensio Maximiliano..., con elas demostran o seu agradecemento ás deusas titulares do manancial pola calidade curativa das súas augas.

As Termas estiveron sempre en uso ao longo dos séculos e son outra testemuña máis das grandes obras públicas romanas na cidade de Lugo como son a Muralla, A Ponte, o Acueducto ou a rede de sumidoiros, entre outros.



Algúns dos restos romanos atopados, e o Balneario situado ás beiras do río Miño



Cursos mensuales de CAP CONTINUA

- Permisos de conducir
- CAP inicial mercancías y viajeros
- ADR mercancías peligrosas / obtención y renovación
- Carretillas / plataformas elevadoras / Camión grúa
- Gestor de Transporte / Tacógrafo
- Formación bonificada de empresas

